

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

M. Álvarez de la Granja (2010): “*Trastes vellos, ao faiado*. Análise dun subtipo de refráns sen verbo principal”, *Estudos de Lingüística Galega* 2, 5-35.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

Trastes vellos, ao faiado. Análise dun subtipo de refráns sen verbo principal

María Álvarez de la Granja

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

maria.alvarez.delagranja@usc.es

Recibido o 31/1/2010. Aceptado o 01/03/2010

Trastes vellos, ao faiado. On certain Galician proverbs lacking a main verb

Resumo

O obxectivo deste traballo é analizar un subgrupo de refráns sen verbo principal, constituído por expresións do tipo de *Trastes vellos, ao faiado*; *Amigos, poucos e bos* ou *Nin bo coxo nin bo noxo*. Preténdese analizar cales son os vínculos que se establecen entre os dous membros que adoitan constituír estas paremias, ou, en menor medida, cales son os contidos que se introducen para ler unha frase (ou unha coordinación de frases) en clave de predicación. Conclúese que os valores máis frecuentes son os semanticamente baleiros ou os que posúen un contido moi xenérico, parafraseables por *ser*, *estar*, *ter*, *haber* ou *corresponder*, o cal non obsta para atopar tamén outros valores conceptualmente máis ricos ('ser o mellor', 'comer', 'arar'...). Análizase en tales casos cales son os medios para lograr a univocidade na interpretación do refrán (presenza de complementos que deixan ás claras o tipo de acontecemento que se describe ou prescribe, presenza de esquemas recorrentes asociados de antemán con determinada interpretación...). Amósase tamén a existencia duns poucos refráns de interpretación ambigua, pero argumentábase a favor de que, de maneira xeral, a dificultade se explica desde as circunstancias actuais e non existía (ou existía en menor medida) no momento da conformación das expresións.

Palabras chave

Refrán, enunciado sen verbo, vínculo conceptual, decodificación

Sumario

1. Introducción. Obxectivo, corpus e metodoloxía. 2. Clasificación dos refráns sen verbo principal. 2.1. Refráns de predicacións independentes. 2.2. Refráns de predicacións vinculadas. 2.3. Algúns refráns problemáticos. 3. Clasificación dos refráns de predicacións independentes. 3.1. Observacións. 3.2. Listaxe de refráns. 4. Análise descritiva dos datos. 5. Análise explicativa dos datos. 6. Cabo.

Abstract

This paper looks at a sub-group of proverbs with no main verb such as *Trastes vellos, ao faiado* (Old junk, to the attic); *Amigos, poucos e bos* (Friends: few and good [ones]) or *Nin bo coxo nin bo noxo* (No [such thing as a] good cripple, no good contempt). It inquires into how the two parts of which such proverbs normally consist may be linked, or (to a lesser extent) what notions are interpolated to achieve a reading of a phrase (or coordinated phrases) in a predicative sense. The conclusion reached is that the commonest values are those which are either semantically empty or have a generic meaning, and which can be paraphrased with *be*, *have*, *exist* or *get*, though other conceptually richer values (e.g. 'be the best', 'eat' or 'plough') may also be encountered. The article poses the question of how a unique interpretation is achieved in such cases: this may come about, for example, because of the presence of complements that leave no doubt about the kind of event described or prescribed, or be due to recurring patterns already associated with a given interpretation. It also discusses the fact that some proverbs do have ambiguous interpretations, arguing that such issues generally find an explanation in the fact that at the time when the expressions in question were first consolidated the issue was not present, or not to the same extent, and has only come about owing to new circumstances in contemporary life.

Keywords

Proverb, verbless utterance, conceptual link, decoding

Contents

1. Introduction. Aims, corpus and method. 2. A classification of proverbs without a main verb. 2.1. Proverbs consisting of independent predications. 2.2. Proverbs consisting of linked predications. 2.3. Some problematic proverbs. 3. A classification of proverbs consisting of independent predications. 3.1. Observations. 3.2. List of proverbs. 4. A descriptive analysis of the data. 5. An explanatory analysis of the data. 6. Conclusion.

1. INTRODUCCIÓN. OBXECTIVO, CORPUS E METODOLOXÍA

Como é ben sabido, os refráns son enunciados fraseolóxicos, fixos, memorizados, que encerran un valor de verdade xeral, isto é, unha verdade (unha idea completa concibida e presentada como verdade) válida en calquera tempo. Isto non quere dicir, por suposto, que os refráns non poidan referirse a un tempo concreto (*En abril sae o cuco do cubil*), senón que as verdades relativas a eses tempos concretos son (presentadas como) verdades sempre vixentes (sempre é verdade que en abril sae o cuco do cubil). A xeneralidade da dimensión temporal dos refráns pode conseguirse a través de diferentes mecanismos. Velaquí os catro máis frecuentes:

1. Mediante un verbo no chamado “presente atemporal” ou “presente intemporal” (o mesmo que figura en “dous e dous son catro”): *Pola boca morre o peixe*.
2. Mediante un verbo en imperativo ou en subxuntivo, expresando recomendación ou mandato: *Se queres engordar, come con fame e bebe devagar; Antre país e irmáns non metas as mans*¹.
3. Mediante un verbo en futuro de indicativo: *Coa vara que midas serás medido*.
4. Mediante unha construción sen verbo: *Ao pé da cama, nin viño nin auga*.

Son precisamente construcións como esta última as que nos van ocupar esencialmente neste traballo. Refráns como *Ao pé da cama, nin viño nin auga; Trastes vellos, ao faiado* ou *Can ladrador, mal cazador* carecen de estrutura oracional, ao faltar o elemento nuclear de tal unidade sintáctica. A ausencia de verbo implica tamén, como acabamos de sinalar, o seu carácter atemporal. As palabras de Benveniste (1966: 162-163) axudan a comprender a frecuencia do emprego destas estruturas en refráns:

La phrase nominale vise a convaincre en énonçant une vérité générale; elle suppose le discours et le dialogue; elle ne communique pas une donnée de fait, mais pose un rapport intemporel et permanent qui agit comme un argument d'autorité (...) jamais la phrase nominale n'est employée à décrire un fait dans sa particularité.

Estamos ante manifestacións das estruturas denominadas “frases nominais (puras)” (Meillet 1906-1908 e autores posteriores), “estruturas predicativas de verbo ausente” (Gutiérrez Ordóñez 1992) ou “estruturas enunciativas” (Jiménez Juliá 1999). En palabras deste último autor, tales estruturas (trátase de refráns ou non) están formadas por “dos constituyentes interdependientes, el primero de los cuales, en su orden no marcado, constituye la base sobre la que el segundo expresa una atribución” (Jiménez Juliá 1999: 31), sendo a *base* necesariamente un elemento de carácter referencial (1999: 33) e o *atributo* calquera unidade ou construción sintáctica non verbal (1999: 37). De acordo con este último autor, entendemos que nestas estruturas non hai elipse verbal, fronte ao sostido por outros autores. Así, por exemplo, Navas Ruiz (1963: 56) sinala a existencia de elementos verbais en grao cero e Gutiérrez Ordóñez (1992: 137-140) da presenza dun verbo oculto. Remitimos para a xustificación da tese da inexistencia de elipse, tamén sostida por Alarcos (1994: 387), a Jiménez Juliá (1999). Trátase, en calquera caso, dunha discusión que vai máis alá do ámbito paremiolóxico ao que nós nos cinguimos (pois tales estruturas tamén se atopan no discurso libre: “O Celta, á final”; “Pepe Martínez, inocente”) e que escapa dos intereses deste artigo.

A maior parte dos refráns sen verbo que constitúen o noso corpus posúen a estrutura bímembre arriba sinalada, estando constituídos por un *tema* (punto de partida da información, aquilo do que se fala), que coincide normalmente co elemento de carácter referencial (base), e por un *rema* (aquilo que se di do tema), coincidente maioritariamente co atributo. De todos os xeitos, tema e base, rema e atributo non sempre coinciden, posto que, como sinala Jiménez

¹ Construcións como estas encerran un contido modal no que atopamos o valor de verdade xeral propio de todos os refráns: ‘entre país e irmáns non se deben meter as mans’.

Juliá (1999: 36), a orde base-atributo é a non marcada, pero non a única posible. Nun refrán como *Quente a comida, fría a bebida* as bases (isto é, os elementos referenciais, *a comida* e *a bebida*) posúen carácter remático e os atributos (*quente, fría*), temático. Neste traballo, para nomear os diferentes membros dos refráns, usaremos esencialmente as etiquetas informativas tema-remata.

Os refráns constituídos por un tema e un rema admiten unha lectura con dous grupos de entoación (*Can ladrador // mal cazador; Trastes vellos // ao faiado*), feito que moitas veces se reflicte na escrita mediante a presenza de coma. No entanto, cómpre sinalar que é posible atopar refráns con varios constituíntes temáticos (por exemplo, *Pola Santa Cruz de maio o lobo e o corvo, nado; e o raposo, medio criado*), onde tanto o elemento temporal (*Pola Santa Cruz de maio*) como os substantivos designadores de animais posúen carácter temático. En tales casos, podemos realizar tres grupos de entoación: *Pola Santa Cruz de maio // o lobo e o corvo // nado*. Da mesma maneira existen refráns con varios constituíntes remáticos, pero neste caso formando entre eles un único grupo de entoación (por exemplo, *Home narigudo // poucas veces cornudo*, onde *poucas veces* e *cornudo* constitúen o rema). Ao redor da predicación podemos atopar nalgúns refráns certos elementos que constitúen un novo grupo de entoación (comentarios, aclaracións, temas externos, modalizadores...): *Despois de Deus, a ola; todo o demais é parola; En maio, millo sementado, cal enxoito, cal mollado; A moza trouleira, súa nai á beira...* A presenza dun verbo nestes elementos non nos leva a excluír o refrán do corpus. Finalmente, uns poucos dos refráns rexistrados posúen carácter atemático, estando formados exclusivamente por un rema (por exemplo, *Nin bo coxo nin bo noxo*) ou por un rema e algún dos elementos informativos do tipo que acabamos de mencionar (*A toda lei, fillos e muller*).

A ausencia do verbo nos refráns anteriores non impide, por suposto, que exista en todos eles un valor de verdade xeral. Naqueles formados por tema e rema (*Ao pé da cama, nin viño nin auga; Polo San Xoán, a fouce na man; Na casa do ferreiro, coitelo de pao...*), hai necesariamente unha conexión entre tales constituíntes informativos. A existencia desa conexión é a que nos fai percibir a expresión como unha *unidade* con *sentido*, de xeito que é preciso establecer o vínculo para poder interpretar o refrán ("le lien logique qui unit les deux constituants est alors à reconstruire", Gouvard 1999: 71). Nos poucos refráns atemáticos que constitúen o corpus é tamén preciso introducir un contido que nos fai percibir a existencia dunha predicación, concretamente dunha verdade xeral. O refrán *Nin bo coxo nin bo noxo* non é unha simple mención (en negativo) de entidades, senón unha declaración sobre a súa inexistencia (parafraseable por 'non hai nin bo coxo nin bo noxo').

Pois ben, o obxectivo deste traballo é establecer en primeiro lugar unha tipoloxía dos refráns sen verbo principal e analizar posteriormente un dos subgrupos conformados, mostrando precisamente cales son os vínculos conceptuais que se establecen entre o tema e o rema ou cales son os contidos que se introducen para ler unha frase (ou unha coordinación de frases) en clave de predicación. Analizaremos en segundo lugar cales son os medios que lle permiten aos lectores / oíntes identificar eses vínculos ou simplemente eses contidos. Téñase en conta que, en principio, non todas as conexións tema-remata en estruturas sen verbo son comunicativamente viables. Se facemos a proba de eliminar o verbo duns cantos refráns, observaremos que a comprensión de moitos deles sería realmente dificultosa, se non imposible: *Pola boca, o peixe (¿?) (Pola boca morre o peixe); Da man á boca, a sopa (¿?) (Da man á boca pérdese a sopa); Chuvia de santa Lucía, a sardiña (¿?) (Chuvia de santa Lucía tolle a sardiña)...* Da mesma maneira, se suprimimos o verbo de refráns atemáticos, a interpretación resulta moitas veces imposible (*De home que non fala e de can que non ladra (¿?) (Gárdate de home que non fala e de can que non ladra)*). Por suposto, en ocasións o refrán (e con el o contido introducido) debe lerse en clave figurada, pero nós non abordamos esta segunda lectura.

Emporiso, debe terse en conta que, de acordo co que sinalamos máis arriba, non pretendemos descubrir cales son os verbos ausentes nestes refráns sen verbo principal, posto que

non estamos ante casos de elipses (do tipo de “María traballa aquí e Pepe \emptyset alí”, onde \emptyset = traballa). O vínculo entre *trastes vellos* e *ao faiado* (no refrán *Trastes vellos ao faiado*) parece enmarcarse no ámbito do desprazamento, pero poderíamos parafrasealo mediante diferentes verbos como *mandar*, *subir* ou *levar* (“Os trastes vellos hai que mandalos / subilos / levalos ao faiado”). Deste modo, na expresión do vínculo traballaremos nun plano *xenérico* e meramente *conceptual* (non léxico), procurando apelar a *conceptos xenéricos* como ‘desprazar’, ‘estar’ ou ‘haber’. En todo caso, dado que ás veces resulta difícil atopar un termo xenérico representante do contido xeral que precisamos introducir, debe terse en conta sempre a matización indicada, entendendo as etiquetas empregadas como meros representantes dun contido que en ocasións podería expresarse de moi diferentes maneiras.

O corpus do traballo inicial está constituído por algo máis de 600 refráns sen verbo que figuran no *Refraneiro galego máis frecuente* (RGMF) de Xesús Ferro Ruibal², refraneiro conformado, segundo se indica no limiar, por 3500 enunciados fraseolóxicos³. Do conxunto de refráns sen verbo extraemos aqueles que responden ás características enunciadas en § 2.1. e que conforman un corpus final de 425 expresións (este cómputo implica a agrupación de variantes, das que falaremos a seguir). Se non se sinala o contrario, os exemplos de refráns ofrecidos no traballo, conteñan ou non verbo, foron tirados da obra indicada. Respectamos a forma recollida no RGMF, agás no que atinxe a dúas cuestións meramente ortográficas, pois xeneralizamos a contracción de preposición e artigo en *ao* e non representamos graficamente a segunda forma do artigo.

En principio agrupamos as variantes (refráns de idéntico significado, ou case idéntico, e próximos na forma, vid. ao respecto Álvarez de la Granja 1999) nunha única entrada, malia que no RGMF sexa relativamente habitual que aparezan lematizadas independentemente. Separamos mediante barra os elementos que varían ou, cando sexa mester, os refráns completos (*Ano de landras, ano de grasas / graxas; A perna no leito e o brazo no peito / O brazo no peito e a perna no leito*) e colocamos entre parénteses os compoñentes que se poden omitir na formulación do refrán: *Ano de (moita) herba, ano de (moita) merda*. No entanto, cando existe algún tipo de variación estrutural que implique diferenzas no vínculo conceptual, a lematización fírase por separado: *A muller e a ovella con día na cortella e A muller e a ovella con día pró cortella* (valor estativo vs. valor de desprazamento). Debe terse en conta, en calquera caso, que para falar de variantes e de variación é preciso que o contido dos refráns sexa o mesmo (aceptando exclusivamente pequenas diferenzas de grao). En consecuencia, aínda que dous refráns estean próximos na súa forma, se os elementos que difiren de refrán a refrán teñen lectura literal, implicando contidos distintos nestes, compútanse e ordénanse de forma independente. É o caso de refráns como *Home xornaleiro, nin boa meda nin bo palleiro e Home ruadeiro nin boa meda nin bo palleiro; En xaneiro sete capelas e un sombreiro e En febreiro sete capas e un sombreiro; En agosto, nin muller nin mosto e En agosto, nin viño, nin muller, nin mosto...* Nótese que os elementos *xornaleiro, ruadeiro; xaneiro, febreiro e viño* teñen plena significancia e a súa presenza implica diferenzas semánticas en cada parella. No entanto, se os elementos discrepantes, aínda requiririndo lectura literal, comparten unha mesma implicación, que é precisamente a relevante para a súa aparición no refrán, interpretámoslos como variantes. É o caso de *Ano de nevadas, ano de fornadas e Ano de xeadas, ano de fornadas* (= ‘Ano de fríos, ano de fornadas’).

² Segundo se indica no limiar da obra, este refraneiro recolle os refráns que figuran en máis de dúas das 146 coleccións de refráns consultadas polo autor. Todas elas son do século XX (nomeadamente da segunda metade) e representan no seu conxunto todo o territorio galego (Ferro Ruibal 2002: 9).

³ Algunhas das expresións recollidas no RGMF, malia careceren de verbo principal, foron desbotadas para o corpus, por considerar que non son propiamente refráns, senón fórmulas (tradicionalmente, frases proverbiais). Trátase de enunciados memorizados que posúen fixación situacional e/ou pragmática, pero que carecen de valor de verdade xeral. É o caso de *Cigarro de guapo, moito papel e pouco tabaco; Hoxe bouza e mañá cadaval; Nin tanto nin tampouco, señor alcalde louco, Do lobo un pelo e aquel, do medio do lombo ou De vella, gaiteira*. Por outra banda, o refraneiro está organizado tematicamente e algúns dos refráns aparecen agrupados baixo varios temas. No limiar non se indica se a cifra de 3500 refráns inclúe ou non as varias aparicións dunha mesma expresión ou as variantes lematizadas conxuntamente.

2. CLASIFICACIÓN DOS REFRÁNS SEN VERBO PRINCIPAL

Podemos distinguir dous grandes grupos de refráns establecidos a partir das características xerais da súa estrutura: refráns nos que se vinculan dous estados de cousas (*Gaivota no horto, temporal no porto* = ‘Se hai gaivotas no horto, entón hai temporal no porto’) e refráns nos que tal vinculación non se establece, recollendo un acontecemento (*Pola Pascua, trompos á ascua*) ou varios (*O pan pola coor e o viño polo sabor*), pero neste último caso, de forma independente entre si, sen establecer vinculacións lóxicas nin temporais entre eles.

2.1. Refráns de predicacións independentes

Como acabamos de sinalar, nestes refráns non se vinculan dous estados de cousas, senón que se caracteriza unha única realidade (ou un único grupo de realidades) ou ben varias/(varios), pero de forma independente entre si. Esta caracterización pode ser unha mera descrición desa realidade (*En xaneiro sete lobos no carreiro*), ou ben pode implicar unha recomendación sobre o que se debe facer ou sobre como deben ser ou estar as cousas (*A muller e a sardiña, pequeniña*). Velaquí uns cantos exemplos de refráns representativos do primeiro subgrupo, de valor descritivo, coas súas correspondentes paráfrases:

- (1) *Can ladrador, mal cazador*: ‘o can ladrador é mal cazador’.
- (2) *A muller parida, nin farta nin limpa*: ‘a muller parida non está nin farta nin limpa’.
- (3) *Nabos e coles, comer de señores*: ‘nabos e coles son comida de señores’.

E velaquí exemplos representativos do segundo subgrupo, de valor prescritivo:

- (4) *Araduras oito e esterquiño moito*: ‘cómpre dar oito araduras e botar moito esterquiño’.
- (5) *A muller e a sardiña, pequeniña*: ‘a muller e a sardiña debe ser pequeniña’.
- (6) *Entre irmán e irmán dous testigos e un escribán*: ‘entre irmán e irmán ten que haber dúas testemuñas e un escribán’.

Como se observa, nestes últimos refráns interpretamos a existencia dun contido modal, non explícito, de deber, obriga ou conveniencia, manifestado nas paráfrases ofrecidas a través de *cumprir, deber e ter que*. Ese valor modal é normalmente expresado nos refráns con verbo mediante o imperativo (ou mediante o subxuntivo con valor de mandato) (*Entre abril e maio fai fariña para o ano; Non busques o pan na cama do can*) e máis raramente a través de verbos modais ou perífrases (*En coxeira de can e bágoas de muller non hai que crer; Nas unllas ou nos pés, has de imitar a quen es*). Con todo, debe terse en conta que, dado que nos refráns sen verbo non existen marcas lingüísticas explícitas que determinen o seu valor descritivo ou prescritivo, ás veces é realmente difícil discernir entre unha e outra interpretación: o refrán *O bo estudante, morto de sono e farto de fame* naceu como unha descrición da realidade (‘os bos estudantes están mortos de sono e fartos de fame’) ou como unha recomendación para conseguir bos resultados académicos (‘os bos estudantes deben estar mortos de sono e fartos de fame’)? Por outra banda, en ocasións a un mesmo refrán pode outorgárselle valor descritivo ou prescritivo en función do uso que del se faga. *Cada louco co seu tema* pode ser unha recomendación para que deixemos a alguén tranquilo con aquilo que máis lle gusta ou preocupa ou unha descrición da realidade na que se comenta que cada persoa ten os seus gustos, teimas ou preocupacións.

Como xa indicamos, incluimos neste grupo refráns cunha estrutura coordinada, de xeito que en cada membro da coordinación se caracteriza unha entidade distinta, dando lugar normalmente a dous temas e dous remas: *Xaneiro añeiro e febreiro cabriteiro; O home onde nace e o boi onde paze...* Pero é esencialmente dentro deste grupo de expresións con coordina-

ción interior onde atopamos os exemplos de refráns atemáticos: *Nin bo coxo nin bo noxo; Nin millo engrolado nin millo requeimado; A toda lei, fillos e muller; Unha mestra para moitas abellas e un pastor para moitas ovelas*⁴...

Aínda que a seguir caracterizaremos brevemente os refráns de predicacións vinculadas, será dos refráns de predicacións independentes dos que nos ocuparemos máis polo miúdo neste traballo.

2.2. Refráns de predicacións vinculadas

Como sinalamos, nestes refráns vincúlense dous estados de cousas. Velaquí uns cantos exemplos representativos, asociados coas súas paráfrases:

- (7) *Flores en outono, fame en ano novo*: 'se hai flores en outono, entón haberá fame en ano novo'.
- (8) *Ceo apedrado, agro mollado*: 'se o ceo está apedrado, entón o agro estará mollado'.
- (9) *Arco da Vella, auga na terra*: 'se sae o Arco da Vella, entón hai auga na terra'.
- (10) *Moita chuvia en xaneiro, mala anada*: 'se hai moita chuvia en xaneiro, entón haberá mala anada'.

O primeiro estado de cousas ("haber flores en outono"), de darse, orixina, condiciona ou simplemente predí a aparición do estado de cousas designado pola segunda parte do refrán ("haber fame en ano novo"). Ese vínculo, como se pode observar, é parafraseable por *se... entón...* Desde o punto de vista temporal, a relación sempre é de simultaneidade (*Néboa en Cela, vento na Vela*) ou de posterioridade da segunda parte con respecto á primeira (*Cobras en marzo, neve en abril*). Non atopamos ningún exemplo no que a relación temporal sexa de anterioridade do segundo estado de cousas con respecto ao primeiro.

Nos exemplos amosados, os estados de cousas vinculados poñen en relación dúas entidades diferentes (*flores e fame, ceo e agro...*). Agora ben, existen uns cantos refráns nos que se caracteriza unha única entidade: *Ano nevento, ano farturento; Home peludo, home forzado; Neno mimadiño, neno perdidíño...* ('se un ano é nevento, entón ese ano é tamén farturento', 'se un home é peludo, entón ese home é tamén forzado'...). Emporiso, estes mesmos refráns poden lerse en clave dunha única predicación, cun único vínculo parafraseable por *ser*: 'o ano nevento é un ano farturento', 'o home peludo é un home forzado...'. De feito, algúns dos refráns que presentan este tipo de estrutura (dous membros cun mesmo núcleo modificado e sen determinante) admiten máis doadamente unha lectura en clave dunha soa predicación ca unha lectura en clave de dúas: *Amigos da taberna, amigos da merda; Pau de cego, pau do demo...* (cf. 'os amigos da taberna son amigos da merda' e 'se os amigos son da taberna entón eses amigos son tamén da merda'; 'os paus de cego son paus do demo' e 'se un pau é de cego entón ese pau é tamén do demo'). De acordo con isto, incluímos todos estes refráns na análise, considerándoos como refráns de predicacións independentes.

Os estados de cousas que se poñen en relación nos refráns de predicacións vinculadas poden estar constituídos de tema e rema (*Figos // á figueira, vellos // á golfeira*), poden ser exclusivamente remáticos, cunha lectura simplemente existencial (*Moita vela, pouco vento*), ou poden amosar unha combinación das dúas estruturas: *Febreiro // camiseiro, nin boa meda nin bo palleiro*. Entendemos que nos refráns que presentan unha correlación con *tal* ou *cal* se producen en realidade dúas predicacións existenciais (*Tales pais, tales fillos; Tal amo, tal criado*) ou atributivas (*Tal o corvo, tal o ovo; Cal o ano, tal o xerro*), de xeito que os consideramos refráns de predicacións vinculadas.

⁴ Nótase que a lectura que lle corresponde a este refrán non é *Unha mestra // para moitas abellas e un pastor // para moitas ovelas*. Non parece posible establecer dous grupos de entoación en cada membro da coordinación, o que nos indica que *unha mestra e un pastor* non son temas. A paráfrase é existencial: 'debe haber unha soa mestra para moitas abellas e un só pastor para moitas ovelas'.

Como se observa nos exemplos, non se explicita nestes refráns a relación entre os membros superiores do refrán e non existe ningún verbo na presentación do estado de cousas designado por cada un deles⁵. Agora ben, estes dous feitos son parcialmente independentes, pois por unha banda existen refráns con verbo nos dous membros e sen conectores (*Poda curto e ara fondo, terás viño e pan de abondo*) ou con verbo só nun dos membros e tamén sen conectores (*Fogo nos mastros e vento do sur, vai o tempo para ful; Chopo na potiña, o mal tempo ha de vir axiña; Corren as nubes para Lugo, auga no puño; Brúa Alba, tempo en calma*) e por outra banda, existen refráns con conectores e sen verbo no segundo membro (*Cando a formiga traballa, viño na parra; Se queda o vento polo sur do sol, mal tempo seguro*).

Aínda que a maior parte dos refráns deste tipo presentan un único vínculo lóxico entre dous acontecementos, existen algúns casos minoritarios de estruturas máis complexas, con coordinación: *Gaivotas a terra, mariñeiros á merda /// gaivotas ao mar, vellas a asollar; Néboas á montaña, vellas á borralla /// néboas á ribeira, vellas á raxeira...* Nestes casos é habitual que cada un dos membros separados polas barras funcione á súa vez como refrán independente (*Néboas á montaña, vellas á borralla* ao carón de *Néboas á ribeira, vellas á raxeira*).

A maior parte dos refráns deste grupo son meramente descritivos ('se hai flores en outono, hai fame en ano novo', 'se o ceo está apedrado, o agro estará mollado'), pero uns poucos refráns parecen ofrecer no segundo membro unha recomendación sobre como actuar: *Sol nacido, meu amo servido /// sol posto, meu amo composto* ('cando o sol saía, o amo debe estar servido, cando se poña, debe estar composto'); *Caldo sen grasa, pan sen tasa; Outono a chegar, porco a cebar* e, probablemente, *Consulta de camiño, resposta de espola*.

2.3. Algúns refráns problemáticos

Debe terse en conta que, malia existir un gran número de refráns cuxa asignación a un ou a outro grupo (refráns de predicacións independentes / refráns de predicacións vinculadas) resulta doada, noutras ocasións atopamos algúns problemas na adscrición. Estes problemas tamén poden atanxer á paráfrase do vínculo que se establece entre os compoñentes do refrán. Vexamos cales son as principais dificultades:

1. Por unha banda, as posibilidades de paráfrase do vínculo que une o tema e o rema poden ser moi amplas. Así, un refrán como *O coello por San Xoán e a perdiz por Navidá* pode interpretarse como 'o coello e a perdiz deben ser cazados polo San Xoán e polo Nadal, respectivamente', ou ben 'matados', ou ben 'comidos'. De xeito parello, *O liño e a estopa, á sombra* pode interpretarse como 'o liño e a estopa deben poñerse á sombra' ou 'deben estar á sombra'. En casos coma estes, optamos sempre pola opción resultativa ou "final" (os coellos e as perdices son cazados ou matados para seren *comidos*; o liño e a estopa póñense e daquela *están*). En calquera caso, debe terse en conta que, como indicamos na introdución, as etiquetas que empregamos para clasificar os valores relacionais son xenéricas e posúen carácter conceptual, non léxico.

2. Outras veces o problema acrecéntase polas propias dúbidas que nos xorden na comprensión mesma do refrán na súa totalidade, pois algunhas paremias poden resultar opacas para moitos falantes actuais. Así sucede, por exemplo, co refrán *O castiñeiro, na man, no burato; e o carballo, no carro* (vid. nota 31). De calquera xeito, en todos os refráns rexistrados fomos quen de atribuír unha interpretación. Os casos dubidosos ou que consideramos de difícil interpretación son comentados en nota a pé.

3. Outro problema vén dado pola existencia de certos refráns que poderían ser considerados tanto de predicacións vinculadas como de predicacións independentes, pois é posible tanto unha lectura con dous membros de nivel superior vinculados temporal ou lóxicamen-

⁵ Normalmente non aparece ningún tipo de conector entre os dous membros superiores destes refráns, aínda que nalgún caso rexistramos a conxunción e: *O mozo amañado e a muller ao lado* ('se o mozo está amañado, entón a muller está ao lado'); *A costureira moi sentadiña e o pan na criba...*

te, como unha lectura cunha única predicación. Fixemos xa referencia na sección anterior aos refráns con repetición do núcleo do tipo de *Ano nevento, ano farturento*. Son tamén problemáticos outros refráns (*Ama gorda, pouco leite; Home ruadeiro, nin boa meda nin bo palleiro; Casa grande, limosna pequena; Catro mulleres, catrocentos pareceres...*) nos que cabe unha interpretación en clave de dúas predicacións ('se a ama está gorda, hai pouco leite', 'se o home é ruadeiro, non ten nin boa meda nin bo palleiro', 'se a casa é grande a limosna é pequena'...) e unha interpretación en clave dunha única predicación ('a ama gorda ten pouco leite', 'o home ruadeiro non ten nin boa meda nin bo palleiro', 'a casa grande dá limosna pequena'...), cunha lectura non predicativa do modificador do primeiro substantivo, cando este existe (*gorda, ruadeiro, grande*). Posto que para algunhas destas expresións atopamos variantes ou refráns moi próximos formalmente nos que (dada a presenza dun determinante no primeiro membro), a lectura necesariamente é dunha única predicación (*A muller costureira e o home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro*) optamos por incluír todos estes refráns na nosa análise⁶.

Outro caso podemos atopalo en expresións do tipo de *Palique de inverno, casoiro de verán; Bo amo, mellor criado; Polvo en abril, lama en agosto...* parafraseables como 'se hai palique de inverno, entón hai casoiro de verán', 'se hai bo amo entón hai mellor criado'..., con dúas predicacións existenciais relacionadas entre si, ou como 'o palique de inverno fai casoiro de verán', 'o bo amo fai mellor criado'..., cunha única predicación e un vínculo causativo. Dado que nunha gran cantidade das expresións que indiscutiblemente pertencen ao grupo de refráns con predicacións vinculadas (sen posibilidade de lectura en clave dunha única predicación) a relación entre o primeiro e o segundo membro é tamén causativa (*Lancha crebada, mariñeiro á auga; Choiva de morriña, nin peixe nin fariña...*), consideraremos tamén dentro deste grupo aqueles outros refráns, como *Palique de inverno, casoiro de verán; Bo amo, mellor criado...*, nos que a posibilidade de establecer unha única predicación se restrinxe ao establecemento dun vínculo de valor causativo ('facer'). Deste xeito, as expresións citadas non forman parte do corpus analizado neste traballo.

3. CLASIFICACIÓN DOS REFRÁNS DE PREDICACIÓNS INDEPENDENTES

3.1. Observacións

Nesta sección analizaremos máis polo miúdo os refráns presentados en § 2.1, tendo en conta esencialmente cales son os vínculos que se establecen entre o tema e o rema, e que permiten interpretar as expresións, e organizando os ditos vínculos por orde de frecuencia, desde os máis numerosos aos menos representados. No caso dos refráns atemáticos, teremos en conta o contido que cómpre introducir para termos unha predicación. Dada a existencia de bastantes exemplos nos que é posible tanto unha lectura descritiva como prescritiva (pois, como indicamos, non existen marcas formais que as distinguan), non estableceremos distinción entre un e outro tipo de refrán. O lector debe ser consciente, en todo caso, de que en bastantes exemplos a introdución dun contido modal (parafraseable por *cumprir, deber, ter que...*) é absolutamente necesaria para que o refrán teña sentido.

Dentro de cada contido (conectivo ou non), os refráns aparecerán organizados de acordo coas características, esencialmente semánticas, dos seus constituíntes. A tal fin procuraremos empregar etiquetas transparentes e relativamente concretas como *tempo, finalidade, criterio de selección, compañía, destino, posuidor, posesión...* Prescindiremos desta organización nos contidos representados por menos de cinco refráns.

⁶ O feito de que haxa determinante na frase inicial conduce necesariamente a unha lectura do adxectivo non predicativa, pero a ausencia de determinante, pola contra, non conduce automaticamente, no ámbito paremiolóxico, a unha lectura predicativa. Como se sabe, a ausencia de determinación é moi frecuente nos refráns e en moitos casos debe considerarse unha simple característica formal destes, carente de valor semántico ou gramatical na interpretación da expresión. Así, por exemplo, *Costureira, pan na criba; tecedeira, pan na terra; carpinteiro, mesa posta; e canteiro, pote no lar; Patrón de lancha, empoucado na casa; Día de santa Inés, chuvia unha sola vez; Costureira sen dedal cose pouco e cose mal...*

Ao respecto da distinción entre tema e rema, cómpre sinalar que optamos en cada caso pola interpretación do refrán que consideramos máis axeitada, aínda que tal interpretación non estea explicitamente representada a través da puntuación no RGMF. Así, por exemplo, interpretamos o refrán *Queixo pesado, pan liviano* (recollido desta maneira no RGMF) como *Queixo // pesado, pan // liviano* (cun vínculo parafraseable por *debe ser*, adxectivos con valor predicativo e a posibilidade de producir dúas frases de entoación en cada membro da coordinación) e non como unimembre (con lectura existencial, 'debe haber', adxectivos non predicativos e necesariamente un só contorno de entoación en cada membro da coordinación), malia que a ausencia de comas entre os substantivos e adxectivos permitiría tamén esta última interpretación. En calquera caso, non alteraremos nunca a puntuación, reproducindo fielmente a que figura no RGMF.

Como xa indicamos, existen numerosos refráns nos que se coordinan diferentes predicacións (*O arado rabudo e o labrador barbudo, A galiña ben galeada e a moza ben alumiñada...*). Non se establecerán diferenzas na clasificación entre estes refráns e aqueles que presentan unha única predicación. Só recibirán un tratamento especial as expresións *A auga para os peixes; para os homes, viño a feixes e Cada cousa, no seu tempo, e os nabos, en / polo Advento* nos que o vínculo conceptual é ou pode ser diferente en cada un dos membros da coordinación (ser' vs. haber'; 'facer' vs. 'chegar, suceder', vid. ao respecto do segundo refrán a nota 39). Os refráns repetíranse baixo os dous vínculos, destacando en cursiva o membro que xustifica a clasificación en cuestión. No cómputo total de refráns contabilizamos un único refrán para estes casos, aínda que á hora de facer cómputos parciais ou porcentaxes por contidos, debemos considerar o refrán en dúas ocasións. Isto dá lugar a que a suma dos cómputos parciais por contido sexa superior ao número total de refráns. A este respecto, tamén debe terse en conta a presenza por duplicado do refrán *Cada cousa, no seu tempo*, que figura baixo dous vínculos conceptuais distintos (vid. nota 39). Tamén pode suceder que, manténdonos dentro dun mesmo vínculo, o esquema semántico sexa distinto en cada membro da coordinación (*O maízo por San Marcos, nin nacido nin nos sacos*: Cero + Tempo + Estado vs. Cero + Tempo + Lugar). Neste caso repetimos tamén o refrán baixo cada esquema correspondente, pero só o contabilizamos unha vez dentro do contido no que se sitúa, co que os cómputos parciais non se ven afectados.

3.2. Listaxe de refráns

SER⁷ (135)	
Atribución clasificadora	
<i>Co mesmo núcleo</i>	
E.⁸ clasificado + Clase	
Amigos da taberna, amigos da merda.	Ano de landras, ano de grasas / graxas.
Amor forasteiro, amor pasaxeiro.	Ano de (moita) herba, ano de (moita) merda / perda.
Andar para dentro, andar de trencos.	Ano de nevadas / xeadas, ano de fornadas.
Andar para fóra, andar que namora.	Ano de noces, ano de voces.
Ano de ameixas, ano de queixas.	Ano de ovellas, ano de abellas.
Ano de améndoas, ano de merda.	Ano de saltón, ano de perdigón.
Ano de amoras, ano de choras.	Ano de ventos, ano de medos.
Ano de brétemas, ano de medas.	Ano nevento, ano farturento.
Ano de cheas, ano de medas.	Bens divididos, bens perdidos.
Ano de landeira, ano de laceira.	Besta de herba, besta de merda.

⁷ Debido ao gran número de refráns que constitúen este grupo e ás súas características peculiares, establecemos varios niveis de clasificación, fronte ao que facemos noutros casos.

⁸ E. é abreviatura de "Elemento".

Carto ganado, carto papado / Cristo ganado, Cristo papado.
 Casa sin dono, casa de todos.
 Estudiante que non espabila, estudante que non agrila.
 Fillo mimado, fillo mal criado.
 Gran debaixo de terrón, gran morto; e debaixo de pedra, torto.
 Home barbudo, home forzado.
 Home lascivo, home perdido.
 Home parlanchín, home ruín.

Home peludo, home forzado.
 Muller doente, muller para sempre.
 Neno mimadiño, neno perdidíño.
 Pau de cego, pau do demo.
 Pau de coxo, pau do demo.
 Tempo de neve, tempo alegre.
 Tempo ido, tempo perdido.
 Tres anos de can novo, tres anos de bo can, tres anos de can vello, tres anos de mal can.
 Voda de foguetes, voda de cachetes.

Con diferente núcleo

E. clasificado + Clase

Abril e maio, chaves do ano.
 Aceite, carne, pantrigo e sal, mercadería real.
 Amor da sogra, acariños do demo.
 Amor de neno, auga nun cesto.
 Amor de xenro, bogada sen cinza.
 A muller rideira, puta ou peideira⁹.
 Aprendiz de moitas ciencias, mestre de poucas sabencias.
 Barco sen cuberta, sepultura aberta.
 Carrán na praia, sinal de vento e auga.
 Corrente a Oeste, sinal de mal tempo.
 Corvos mariños na praia, sinal de vento e auga.
 Día de moito, véspera de nada / Día de todo, víspera de nada.
 Gaivotas en terra, sinal de mal tempo.
 Home casado, burro escarallado / estropeado.
 Home informal, maraña sin costal.
 Home pequeno, fol de veneno / veneno.
 Madeira serrada, prata / plata labrada.
 Mal de moitos, consolo de bobos / parvos.
 Mar ancho, colchón de navío.
 Morte de un, esterco de outro.
 Morte de uns, vida de outros.
 Muller larmeira, ou puta ou meiga.
 Nabo, nabiza e grelo, trindade do galego.
 Nabos e coles, comer de señores.

Neve febreiriña, mala veciña.
 O fillo da cabra, ou cabrito ou castrón.
 Palabras sen feito, gaita sen punteiro.
 Palabras sen obras, guitarra sen cordas.
 Pan con pan, comida de bobos.
 Paxaros do mar na terra, sinal de vendaval.
 Quen máis chifre, capador.
 Santos e Nadal, inverno carnal / caroyal¹⁰.
 Torcer pra dentro, andar de trenco; torcer para fóra, andar que namora.
 Un cura condenarse e un ciruxano morrer, dúas cousas malas de crer.
 Untura de botas, sinal de viaxe.
 Vello con amores, inverno con froes.

E. clasificado + Tempo¹¹ + Clase

A sardiña en marzo, argazo.
 O home, de neniño, rei; e de mozo, galán; de casado, burro; e de vello, can.

Tempo + Clase

De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro e de vello, can.
 No inverno, forneira; no verán, taberneira.

E. clasificado + Clase + Modalizador

Fillo de porco, marrán seguro.

E. clasificado + Clase + Benefactario

Tres fillas e unha nai catro demos para un pai.

⁹ Dado que os elementos da atribución poden ser tanto adxectivos como substantivos, este refrán tamén podería incluírse baixo a atribución caracterizadora.

¹⁰ Con respecto ao adxectivo que cualifica a *inverno* atopamos, amais das formas indicadas (*carnal* / *caroyal*) unha terceira variante, *carrual*, rexistrada en Vázquez Saco (2003: 194) e Taboada Chivite (2000: 151). A palabra *caroyal* é a única que atopamos nos dicionarios cun sentido axeitado ao contexto ('duro, forte'). Véxase o *Diccionario de dictionarios* (en adiante DdD) (A. Santamarina 2003a) ou o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (en adiante GDXL) (Carballeira Anllo 2009).

¹¹ Tempo designa a localización temporal. Para outros valores relacionados co tempo, como a cuantificación temporal, empregamos etiquetas específicas.

Atribución caracterizadora**E. caracterizado + Calidade**

Abril, do bo dormir.
 Abril, pendoril; maio, engraió; sanxoán, segaio¹².
 A estopa, como é fiada; a moza, como é criada.
 Amigo vello, touciño vello, e viño inda máis vello.
 Amigos, poucos e bos.
 A muller e a galiña, pequeniña.
 A muller e a sardiña, pequeniña, (pequeniña).
 A muller, caseira e non paroleira.
 Cama de noivos, dura coma croios.
 Can ladrador, mal cazador.
 Can (moi) ladrador, pouco mordedor.
 Crego viaxeiro, nin Misere nin miseiro¹³.
 Febreiro, cabriteiro.
 Febreiro, cebadeiro.
 Febreiro, fervedeiro.
 Home probe, fachendoso.
 O home que fía, a muller que asubía e a galiña que canta como galo, malo, malo, malo.
 Marzo, espigarzo¹⁴.
 Marzo, iguarzo / igualarzo¹⁵.
 Nabos e fidalgos, raros.
 Nadal mollado e xaneiro ben xeado.
 O arado rabudo e o Labrador barbudo.
 O pan, con ollos; o queixo, sen ollos; e o viño, que salte aos ollos.
 Páscoas marzales, famentas ou mortales.
 Queixo pesado, pan liviano.

Viño acedo, touciño vello e pan de centeo.

Viño de maio, pouco e malo¹⁶.

Viño que salte, queixo que chore e o pan que cante.

Xaneiro añeiro e febreiro cabriteiro.

Xaneiro, oveiro.

Xaneiro, piardeiro¹⁷.

E. caracterizado + Tempo + Calidade

Amor de rameira e viño de tarro, á mañá bo e á tarde malo.

Tempo + E. caracterizado + Calidade

No ano caro, a peneira espesa e o cribo claro.

E. caracterizado + Cuantificación temporal + Calidade

Home narigudo poucas veces cornudo.

E. caracterizado + Benefactario + Calidade

Maio ventoso, para o Labrador, fermoso; e para o mariñeiro, desastroso.

E. caracterizado + Calidade + Benefactarios (en comparación)

Tabaco, muller e viño, mellor para min que para o meu veciño.

E. caracterizado + Proporción + Calidade

A muller e a gaivota canto máis vella máis louca.

A muller e a sardiña, canto máis pequena, máis fina (canto máis pequena / pequeniña,

¹² Os tres adxectivos son formas inexistentes fóra dos refráns que fan referencia á planta do centeo. Así explica Vázquez Saco (2003: 121) o refrán: "Con palabras caprichosas describe el estado del centeno en los meses que se indican: En abril, cuelga ya la espiga, en mayo, grana y en junio está dispuesta para la siega. Se refiere a las zonas más cálidas de Galicia".

¹³ Tal e como se observa, este refrán aparece recollido no RGMF con maiúscula inicial e acentuación grave en *Misere*. No entanto, no *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez González (en adiante DEG, consultado sempre a través do DdD) aparece con minúscula e con acentuación esdrúxula (*misere*). No refraneiro de Vázquez Saco (2003: 631) figura a variante *Cura viaxeiro, nin mísero nin miseiro* e en castelán atopamos rexistrado o refrán *Cura viajero, ni mísero ni misero*. Entendemos que cando menos na base do refrán está presente o xogo paronomástico entre *misero* e *mísero*, así como o contido destes dous adxectivos, aínda que poida haber un cruzamento coa palabra *Misere*. De todos os xeitos, restrinximos o valor atributivo para o segundo compoñente e deixamos sen analizar o primeiro, polas dificultades que nos supón establecer un vínculo.

¹⁴ A palabra *espigarzo* é un adxectivo segundo algúns dicionarios (así, por exemplo, no GDXL, "Adx. Aplícase ó tempo ou ó período no que os cereais e outras plantas comezan a espigar"). No entanto, Eladio Rodríguez no DEG considérao un substantivo, e defíneo como "Tiempo, sazón o período del año en que comienzan a espigar los cereales y otras plantas". A categoría substantivo é a única apropiada para a variante *En marzo espigarzo*, que recollemos baixo o vínculo existencial 'haber'.

¹⁵ En consonancia co afirmado na nota precedente, separamos as dúas variantes deste refrán (con e sen preposición *en*), considerando que *iguarzo* funciona nun caso como adxectivo e noutro como substantivo. Esta palabra fai referencia ao equinoccio de primavera, que ten lugar o 21 de marzo (vid. Rúa Aller 2007) e aparece recollida como substantivo no DEG e no *Vocabulario de San Jorge de Piquín* de Aníbal Otero (consulta a través do DdD). A variante *igualarzo* non figura no DdD nin noutros dicionarios consultados.

¹⁶ Entendemos que *pouco* funciona aquí como adxectivo, co sentido de 'escaso, curto en cantidade'.

¹⁷ Esta palabra aparece recollida en varios dicionarios (véxase o DdD) co sentido de 'malicioso, pícaro' e contidos similares.

máis xeitosiña) (canto máis pequerrichiña, máis riquiña).

Proporción + Calidade

Canto máis rico, máis porco

E. caracterizado + Orixe

A sombra de agosto e o sol de setembro.

Caldo, de pota pequena; e viño, de cuba grande / Viño, de cuba grande; e caldo, de pote pequeno.

Fillos, das túas bragas; bois, das túas vacas.

Forza, de mozos; e consello, de vellos.

Ollo de ferreiro, gramil de carpinteiro.

Ollo de xastre e compás de carpinteiro.

O potro, da potrela; i o becerro, da vaca vella.

E. caracterizado + Benefactario /

Finalidade

A auga para os peixes; para os homes, viño a feixes.

A terra moi aradeira, para quen a queira¹⁸.

Barbeiro novo para a barba do meu sogro.

Home pequeno e can rabelo, para fodelo.

Tempo + E. caracterizado + Benefactario

En abril, o salmón pra min, no maio, pró criado, e no San Xoán, pró can.

E. caracterizado + Tempo + Posuidor

Pan e viño, un ano teu e outro do veciño¹⁹.

E. caracterizado + Cantidade

Amigos, poucos e bos.

Atribución identificadora

E. identificado + E. identificador

O lume do ladrón, dúas brasas e un tizón.

Regalo de monxa, cunca de leite por cunca de aceite.

Finalidade +

E. identificador (orde)

Para embarcar o primeiro, para desembarcar o derradeiro.

HABER (72)

Tempo + Existencia²⁰

Antes de San Martiño pan e viño, despois de San Martiño, fame e frío.

Día de Santa Lucía, enchente de auga ou de sardiña / Santa Lucía, auga ou sardiña.

(En) abril, augas mil.

(En) abril, augas mil, coadas por un mandil.

En abril flores mil, peixes mil e augas mil.

En agosto, nin muller nin mosto²¹.

En agosto, nin viño, nin muller, nin mosto.

En agosto, viño mosto.

En cada tempo, seu tento.

(En) febreiro, sete capas / mantas e un sombreiro.

En marzo, abrigo, noces e pantrigo.

En marzo, auga que non molle o rabo do gato / En marzo, nin rabo de gato mollado.

En marzo, espigarzo²².

En marzo, iguarzo.

(En / por / polo) abril, espigas mil.

En / por San Xoán tanto queixo coma pan.

En San Xoán nin a mexeira dun can.

Entre novo e vello fame do demo²³.

En xaneiro nin galgo leboreiro, nin falcón perdigueiro²⁴.

En xaneiro sete capelas e un sombreiro.

Marzo, espigas catro. Abril, espigas mil.

¹⁸ Este refrán posúe un valor de rexeitamento, similar ao que atopamos en frases do discurso libre construídas seguindo o mesmo esquema "a burocracia, para quen a queira".

¹⁹ Segundo Vázquez Saco (2003: 76), este refrán alude ás desigualdades das colleitas.

²⁰ "Existencia" designa o elemento do que se sinala ou se recomenda a existencia ou inexistencia.

²¹ A presenza da muller neste refrán e no seguinte ten que ver co feito de que durante este tempo os homes están dedicados á colleita, á que lle destinan todos os seus esforzos. Vázquez Saco (2003: 144), baixo o refrán *En agosto, nin viño nin muller nin mosto*, sinala a existencia destoutro proverbio, de similar significado, en portugués: *Junho, julho e agosto, sen hora não sou vosso*. Ferro Ruibal (comunicación persoal) sinala que hai un grupo de refráns galegos que desaconsellan a relación sexual en certos meses e, pola contra, hai outros que expresan unha maior facilidade de chegar a realizala precisamente neses mesmos meses: *Cando a xesta fai tristrás* [xullo], *busca muller que a encontrará*.

²² Vid. para este e o seguinte refrán as notas 14 e 15.

²³ Vázquez Saco (2003: 63) (*Entre novo e vello, a fame do deño*) aclara: "Entre cosecha y cosecha de pan; pues se han terminado las reservas de la vieja, y aun no se ha recogido la nueva".

²⁴ Existe en castelán o refrán, recollido en Vázquez Saco (2003: 90), *En enero no hay galgo lebrero, ni buey carretero*. Para o autor, "la blandura del terreno, a causa de las lluvias no permite correr al galgo".

Marzo marzola, trebón e raiola.
 No febreiro, frebas; e no maio, medas.
 Nos meses sen erre, nin mariscos nin mulleres²⁵.
 Polo / Por San Brais, dúas horas máis.
 Por San Martiño castañas e viño.
 Por San Martiño nin fabas nin liño.

Tempo + Existencia + Cuantificación temporal

Día de Santa Inés chuvia unha sola vez.

Tempo + Proporción + Existencia

En febreiro, por cada rego un caneiro.

Existencia + Tempo + Cantidade

Chuvia en marzo nin o mexo dun rato.

Lugar + Existencia

Ao pé da cama, nin viño nin auga.
 En cada terra o seu uso, e en cada roca o seu fuso.
 En cas do / en casa de / na casa de/do ferreiro,
 coitelo / espeto de pao / pau.
 En Santas, moito frío e poucas mantas²⁶.
 Entre irmán e irmán dous testigos e un escribán.
 Entre santa e santo, parede de cal e canto.
 Na casa do mentecato, nin can nin gato.
 Onde hai fillos, nin parentes nin amigos.
 Unto no pote e *no home bigote*.

Existencia + Lugar

Nin casa á beira do río nin viña ao pé do camiño.
 Nin viña no baixo nin trigo no cascallo.
 Nin xantar na mesa sen viño nin pote no lume sen touciño.

Ostras na Ponte Sampaio.

Unha camisa na pedra e outra no lombo²⁷.

Unto no pote e *no home bigote*.

Tempo + Existencia + Lugar

(En) agosto, frío no rostro.

En xaneiro sete lobos no carreiro.

Febreiro, xeadá na leira e cachopo na lareira.

Nos Santos neve nos altos. No San Andrés neve nos pés.

Pola Santa Lucía, mascatos na badía.

Polo San Andrés neve nos pés.

Existencia + Lugar + Cantidade

Agua de tronada, nuns sitios moita, noutros, nada.

Existencia

Abella e ovella e pedra que trebella.

Fillos, filloas e netos de viño.

Nin amigo reconciliado nin guisote requeitado.

Nin besta de moita herba, nin home de moita verba.

Nin bo coxo nin bo noxo.

Nin bo Xan nin bo Pedro, nin boi marelo encima do rego.

Nin mesa sen pan, nin soldados sen capitán.

Nin millo engrolado nin millo queimado.

Nin muíño sen rodicio, nin home sen oficio.

Nin ola sen touciño nin xantar sen viño.

Nin tanto arre que fuxa nin tanto xo que se deite.

Tema modal + Existencia

A toda lei, fillos e muller.

Existencia + Benefactario

Unha mestra para moitas abellas e un pastor para moitas ovellas²⁸.

Un pai para cen fillos e non cen fillos para un pai²⁹.

Benefactario / Finalidade + Existencia

A auga para os peixes; para os homes, *viño a feixes*.

Para novos aparellos, mariñeiros vellos.

Existencia + Cantidade

Cabos e áncoras, ata encher a lancha.

Páscoas enxoiatas, nin poucas nin moitas.

Elemento de relación + Existencia + Cantidade

Cos de Roucós, tratos poucos e cos de Grixoá sólo a metá.

Cuantificación temporal + Existencia

Hasta a morte, vida forte.

Existencia + Calidade

Sogra, nin mala nin boa.

²⁵ Vinculamos a xustificación da mención da muller neste refrán coa mesma que sinalabamos na nota 21 para *En agosto*, (*nin viño*), *nin muller*, *nin mosto*. Nótese que os meses sen erre son precisamente maio e os meses de verán, meses nos que teñen lugar os labores máis importantes da colleita.

²⁶ En Vázquez Saco (2003: 845) figura na forma *Nas Antas, moito frío e poucas mantas*.

²⁷ Consideramos, non sen dúbidas ao respecto, que este refrán debe lerse no sentido de 'debe haber unha camisa na pedra e outra no lombo' (isto é, o refrán sería rema, información nova, na súa totalidade, e recomendaría que as persoas posúisen dúas camisas, de tal xeito que mentres se leva posta unha a outra debe estar lavándose). Outra interpretación plausible sería aquela na que as camisas constitúen o tema e os locativos o rema. Neste caso unha posible paráfrase sería 'unha camisa debe estar na pedra e outra no lombo' (o feito de que as persoas deben ter dúas camisas presentaríase como información xa dada).

²⁸ Vid. nota 4.

²⁹ Existen variantes con verbo bastante máis transparentes: *Un pai cría cen fillos e cen fillos non coidan un pai; Un pai mantén a sete fillos e sete fillos non manteñen a seu pai...* (Vázquez Saco 2003: 386).

ESTAR (55)

E. caracterizado + Lugar

A cereixa e a castaña na borralla.

A dona, na casa; e o home, no traballo / A muller na casa e o home na arada.

A muller e a sardiña, na cociña.

A perna no leite e o brazo no peito / O brazo no peito e a perna no leite³⁰.

A sardiña na chama, e a muller na cama.

As mans na roca e os ollos na porta.

Cada galo no seu galiñeiro e cada pola no seu poleiro.

Cada moucho no seu souto.

Cada un na súa casa e Deus na de todos.

Gando branco / blanco, nin no pasto nin no banco.

Home que fía, muller que asubía e galiña que canta coma o capón, na miña casa, non.

Home que fía, muller que asubía e galiña que non pon, na miña casa, non.

O castiñeiro, na man, no burato; e o carballo, no carro³¹.

O home onde nace e o boi onde paze.

O liño e a estopa, á sombra.

Paz na casa e guerra fóra.

Tempo + E. caracterizado + Lugar

Día de Antroido e domingo de Pascua, cada larpeiro na súa casa.

En San Xoán a fouce na man.

Polo Pilar, os nabos na terra e o viño a envasar.

Tempo + E. caracterizado + Lugar + Aclaración adversativa

Pola Candelaria metade do inverno fóra; se chove ou venta, aínda entra.

E. caracterizado + Tempo + Lugar

A muller e a ovella con día na cortella.

O maízo por San Marcos, nin nacido nin nos sacos / *O millo polo San Marco*, nin nado nin no saco.

Tempo + Cuantificación temporal + Lugar

En xaneiro, un pouco ao sol, outro ao fumeiro³².

E. caracterizado + Estado + Lugar

O centeo basto na hucha e non no terreo.

O millo raro na leira e basto na eira.

Patrón de lancha, empoucado na casa.

E. caracterizado + Estado + Lugares (en comparación)

Muller fiandeira e lareteira, mellor na casa que na eira.

Tema externo³³ + E. caracterizado + Lugar

A moza trouleira, súa nai á beira.

Cabra, viña e horta, o seu dono á porta.

E. caracterizado + Lugar + Cuantificación temporal

A carne no sal un mes e no fume tres.

E. caracterizado + Cuantificación temporal + Lugar

Ferro e pau pouco na mau³⁴.

Lugar + E. caracterizado + Comentario

Despois de Deus / Dios, a ola; todo o demais é parola.

Lugar + Estado + Tempo

Ao sol sen sombreiro, nin en agosto nin en xaneiro.

E. caracterizado + Estado

A casa xa labrada, a viña xa prantada e a so-gra xa enterrada.

A galiña ben galeada e a moza ben alumiñada.

A muller parida, nin farta nin limpa.

Estudiante do vío vío, morto de fame e cheo de frío.

³⁰ Refírese este refrán á curación das lesións de pernas e brazos.

³¹ Segundo comunicación persoal de Xesús Ferro Ruiibal, este refrán sinala que a madeira de castiñeiro é boa para ventás e portas (buratos), mentres que para o carro a máis axeitada é a de carballo, pola súa resistencia (trátase dunha información transmitida por Álvarez Giménez, que á súa vez a toma de Pérez Ballesteros). A expresión "na man" sería unha locución adverbial que significaría 'moi ben, doadamente, axeitadamente' (co mesmo valor co que figura na combinación "dárselle algo a alguén na man").

³² Verbo da etiqueta semántica outorgada a "ao sol" e "ao fumeiro", somos conscientes de que tamén se poderían considerar elementos modais. O mesmo sucede con "á sombra" en *O liño e a estopa, á sombra*.

³³ Sinalamos con esta etiqueta o valor informativo do primeiro constituínte do refrán, que ten como función introducir o tema sobre o que se fai unha recomendación na predicación propiamente dita. O tema externo é recuperado mediante un posesivo no tema tópico. Os temas externos, que introducen o marco xeral no que se encadra a predicación, non forman parte de esta e aparecen dislocados á esquerda formando sempre grupo de entoación propia (ás veces van precedidos de introdutores do tipo de *en canto a, polo que se refire a...*). Fronte aos temas externos, os temas tópicos son sempre internos á predicación (así, por exemplo, en "en canto aos exames, a notá suporá un 70% da cualificación", *os exames* é o tema externo e *a nota* o tema tópico).

³⁴ No RGMF este refrán aparece recollido baixo o tema "Paz". Vázquez Saco (2003: 550) rexistra o refrán na forma *Ferro e pau, pouco na man*, sinalando en nota a pé que no manuscrito figuraban as palabras *pau* e *mau*. Atopamos o refrán en calquera desas dúas formas noutras coleccións.

O bo estudante, morto de sono e farto de fame.

Pés quentes, cabeza fría.

Vaca de moitos ben munxida e mal mantida.

E. caracterizado + Estado + Explicación

Amor tolo: eu por vós e vós por outro.

Escudeiro turulato: de mozo, ladrón e, de vello, beato.

E. caracterizado + Estado + Comentario

O berberecho de branco, a vieira de castaño, a ameixa de gris, xa foi así dende antano.

E. caracterizado + Tempo + Estado

O maínzo por San Marcos, nin nacido nin nos sacos / O millo polo San Marco, nin nado nin no saco.

Os allos en Nadal, nin nados nin por sementar.

Tempo + E. caracterizado + Estado

En maio todo espigado.

Pola Santa Cruz de maio o lobo e o corvo, nado; e o raposo, medio criado.

Polo Pilar, os nabos na terra e o viño a envasar.

Tempo + E. caracterizado + Estado + Reforzo da predicación

En maio millo sementado, cal enxoiado al mollado.

E. caracterizado + Estado + Tempo

As sandías nin sementadas en abril nin nadas en maio.

E. caracterizado + Cuantificación temporal + Estado

Lúa nova con tronada, trinta días mollada.

E. caracterizado + Modo + Estado

A sardiña salada: ben cocida e mal asada.

Estado + Medio

Preso, nin por un pelo.

E. caracterizado + Compañía

Cada louco / tolo, co seu tema.

Cada ovella, coa súa parella.

Cada pardal / tal, co seu igoal / igual.

E. caracterizado + Cuantificación temporal

Criado e galo, un ano.

CORRESPONDER (37)

1º Elemento de relación + 2º Elemento de relación

A barco novo, capitán vello.

A barco vello, madeiras novas.

A besta golosa talega de area.

A bo allo, bo tallo.

A bo cu, bo peido.

A bo entendedor, curto falador.

A bo mercador, bo vendedor.

A boi bravo, corda longa.

A boi bravo, rego largo.

A burro pardo, arrieiro arroutado.

A burro vello, albarda nova.

A cabra cega, monte largo.

A cada terra, seu uso; a cada roca, seu fuso.

A cazador novo, can vello.

A filla mala, diñeiros e casala.

A gando bravo, corda larga.

A home parlanchín e faco relinchón, pouca cebada e moito albardón.

A hóspede bo, prato grande.

A inverno chuvioso, verán abondoso.

A mal abade, mal sancristán.

A mal ano / tempo, boa cara.

A mal feito, rogo e peito.

A mal pagador, bo cobrador.

A moito falar, moito errar.

A muller e a cabra, corda larga.

A novo rei, nova lei.

A pai aforrador, fillo gastador.

A pai avarento, fillo farrento.

A palabras necias, oídos xordos / A palabras tolas, orellas xordas.

A pan duro dente agudo.

A pequeno almallo, gran chocallo.

A pequeno almallo, pequeno chocallo.

A pouca comida, pouca bebida.

A pouco vento, forza de remos.

A rei morto, rei posto.

A río revolto, ganancia / gañancia de pescadores.

A xaula feita, paxaro morto.

TER (29)

Posuidor + Posesión

A carne de peito, moita sona e pouco proveito.

Ama gorda, pouco leite.

A muller costureira e o home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.

A muller do escudeiro, bolsa grande e pouco diñeiro.

Cada cabeza, a súa sentencia.

Cada Antroido, seu choqueiro.

Catro mulleres, catrocentos pareceres / Tres mulleres, trinta pareceres.

(Home) cazador e troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro / Home troiteiro nin boa meda nin bo palleiro, e cazador, moito peor.

Home probe, vida alegre.

Home ruadeiro, nin boa meda nin bo palleiro.

Home xomaleiro, nin boa meda nin bo palleiro.

Marzo marzán, cara de can.

Muller costureira e home troiteiro, nin bo arranxo nin bo palleiro.

O polbeiro, pouco diñeiro.

O que mata unha abella, cen días de pena.

Pulpeiro, molleiras moitas e *pouco diñeiro*.

Vaca estrullada, nin leite, nin crianza.

Posuidor + Posesión + Lugar

Costureira, pan na criba; tecedeira, pan na terra; carpinteiro, mesa posta; e canteiro, pote no lar.

Labrador cazador, coellos na despensa/cociña e fame no corredor.

Labrador sen horta, fame á porta.

Xaneiro quente, demo no ventre.

Posesión + Lugar + Comentario

O pé no berce e as mans na roca, así fai a muller facendosa.

Posuidor + Tempo + Posesión

Marzo marzal / marzán, pola mañá cara / cariña de rosa(s) e pola tarde / noite cara de can.

Marzo marzán, pola mañá cara de can; ás doce cara de porco e, á noite, cara de marrán / *Marzo, marzán, pola mañá cara de can e pola tarde Xan Barrigán.*

Posuidor + Posesión + Estado

A muller e a cabra, a pata quebrada.

Costureira, pan na criba; tecedeira, pan na terra; *carpinteiro, mesa posta;* e canteiro, pote no lar.

Benefactario + Posesión + Estado

As amistades certas, portas abertas.

Posesión + Cantidade

Bés, cantos vexas; casa, canto quepas.

Casa na que vivas, viñas das que bebas, rentas as que poidas, terras as que vexas.

Viñas, cantas bebas; terras, cantas vexas.

Posuidor + Posesión + Cantidade

Pulpeiro, molleiras moitas e pouco diñeiro.

DESPRAZAR(SE) (19)

E. desprazado³⁵ + Destino/Dirección

A moza para a festa, e para a casa a besta.

As pallas á palleira e as donas á lareira.

Auga do oeste, para a ría.

Besta vella, aos toxos.

O tolo ao monte e o cordo ao muíño.

Peixe con ollo(s), ao caldeiro / á caixa.

Trastes vellos, ao faiado.

Tempo + E. desprazado + Destino

En febreiro, sete lobos ao carneiro.

(En / polo / por) San Martiño, trompos ao camiño.

En xaneiro sete lobos ao carreiro.

Pola Pascua, trompos á ascua.

Polo / por Nadal, cada ovella ao seu curral.

E. desprazado + Tempo + Destino/Dirección

A muller e a ovella con día prá cortella / A muller e a ovella con sol á cortella.

Dirección + E. desprazado

A moza para a festa, e para a casa a besta.

Para ruín feira, corda baleira.

E. desprazado + Tránsito

A muller e home honrado, polo camiño do carro.

Boi vello, pola rilleira.

Tempo + E. desprazado

Entre marzo e abril, o cuco ou a fin.

³⁵ Dado que en certos casos resulta difícil saber se estamos ante un axente ou un paciente, e posto que ás veces se coordinan ambos os elementos (*As pallas á palleira e as donas á lareira*), falamos de modo xenérico de elemento desprazado, abranxendo ambos os dous valores.

E. desprazado + OrixeAmigos de lonxe e contas de preto³⁶.**Destino + Estado [Tempo]**

Ao ferreiro, con barbas; e ás letras, con babas.

SER O MELLOR (16)**Grupo + Elemento seleccionado**

Amigo e viño, o máis antigo.

Amigo por amigo, o meu pan e o meu viño.

A muller e a pescada sempre da máis adiantada.

A muller e a sardiña, a máis pequeniña.

Da besta, a mular; e de home, o de pouco falar.

Das carnes o carneiro, e dos peixes o mero /

Dos peixes o mero, e das carnes o carneiro /

Do mar, o mero; e da terra, o carneiro.

De Redes parrochas, sardiñas de Ares, de Mu-

gardos pulpos, e da Graña calamares.

Do mar, o mero; e da terra, o becerro.

Do vello, o consello.

Lúa, a de xaneiro; e cariño, o primeiro. / Luar,

o de xaneiro; cariño / amor, o primeiro.

Terra por terra, Barzademera; millor por millor, Val de Miñor.

Viño branco e muller, o primeiro que viñer.

Elemento seleccionado + Reforzo da predicaciónBesta / burro / cabalo grande, ande (ou) non ande³⁷.**Grupo + Lugar onde se atopa o elemento seleccionado**

Para carne, pan e viño, o Carballiño.

Grupo + Lugar onde se atopa o elemento seleccionado + Causa

Para porcos na Cañiza, que nunca foron lavados.

Finalidade + Elemento seleccionado

Para entender de presos, carceleiros vellos.

PRODUCIRSE, CHEGAR A SER/HABER (16)**Orixe + E. producido**

De boa casa, boa brasa.

De can, cadela; e de cadela, can.

De fillos criados, traballos doblados.

De mal pano, mala saia.

De pai coxo, fillo trenco.

De tales pais, tales fillos.

De tal niño, tal paxariño.

De tal pano mala / tal saia.

Nen de sabugueiro bon vencello, nen de

cuñado bon consello.

Orixe + Cuantificación temporal + E.**producido**

De ruín madeira, nunca boa estela.

Orixe + E. producido + LugarDe monte mao, fuste na mao³⁸.**E. producido + Tempo***Cada cousa, no seu tempo*³⁹.*Cada cousa, no seu tempo e os nabos, en / polo Advento.***E. producido + Modo**O amor dos gatos a berros polos tellados⁴⁰.**Tempo + E. producido + Cuantificación temporal**

Por San Bartolomeu a chuvia arreu.

E. producido + Finalidade

O boi para arar, o paxaro para voar, o peixe para nadar e o home para traballar.

³⁶ Soto Arias (2003: 203) ofrece este refrán como tradución de *Amigos viejos y cuentas nuevas*.³⁷ Esta expresión emprégase adoito como fórmula, co obxecto de censurar aqueles que realizan unha selección polo tamaño e non pola calidade. No entanto, outras veces parece funcionar como un refrán, que aconsella a escolla do elemento de maior tamaño. Entendemos que a lectura é 'colle o/a besta/burro/cabalo grande' e non 'o/a besta/burro/cabalo debe ser grande', posto que nos parece inadmisíbel a lectura con dous grupos de entoación ("besta/burro/cabalo // grande").³⁸ Interpretamos, non sen moitas dúbidas, que este refrán alude á posibilidade de obter beneficio mesmo das cousas máis ruíns. Segundo distintos dicionarios recollidos no DdD, *fuste* pode referirse, entre outras cousas, á leña para o lume.³⁹ Coidamos que este refrán pode lerse como prescriptivo e cun vínculo parafraseable por 'facer' ('cada cousa debe facerse no seu tempo') ou ben como descriptivo, cun vínculo parafraseable por 'producirse, chegar a ser'. O refrán *Cada cousa, no seu tempo e os nabos, en Advento*, polas características do segundo membro (alúdese ao momento no que os nabos están xa ben crecidos), parece axeitarse mellor, en principio, a esta segunda lectura, aínda que o certo é que o uso actual reflicte calquera dos dous empregos. No prescriptivo, o segundo membro da coordinación parece figurar realmente como unha coda humorística. Computamos ambos os refráns por partida dobre, aquí e baixo o vínculo 'facер'.⁴⁰ Atopamos a variante *O amor dos gatos entra a berros polos tellados* (http://www.ceipaseca.com/index.php?option=com_content&task=view&id=310&Itemid=1) [1/10/2009]. Por outra banda, Eladio Rodríguez rexistra no DEGC outros refráns como *O amor das gatas entra e sai a rabuñadas* e *O amor dos burros entra a couces e a dentadas*.

TOMAR, INXERIR (12)

Entidade inxerida + Tempo

A faneca e a solla na caída da folla.
O coello por San Xoán e a perdiz por Navidá.
O touro, o galo, a troita e o barbo, no mes de maio.
Tema externo + Entidade inxerida + Tempo
O barbo, a troita e o sáballo, todos en maio.

Entidade inxerida + Estado (da entidade inxerida)

A anguía en empanada e a lamprea escabechada.
A comida, quente; e a bebida, fría.

Estado (da entidade inxerida) + Entidade inxerida

Quente a comida, fría a bebida.

Entidade inxerida + Cantidade

Viño a pasar, auga a fartar⁴¹.

Entidade inxerida + Cantidade + (Condición)

Aceitona unha e, se é boa, unha ducia.

Axente + Entidade inxerida

Criado novo, pan e ovo.

Axente + Cantidade

O que non quer caldo, sete cuncas.

Tempo + Cuantificación temporal + Entidade inxerida

Na semán da Ascensión, tres días carne e tres días non.

TRANSFERIR (9)

Receptor + Entidade transferida

Ao abade, roupa nova e por limpar.

Ao abade vello, polos e coello.

Ao feito, peito⁴².

Ao que non quere caldo, sete tazas.

Agua ao figo e á pera viño.

Entidade transferida + Receptor

Agua ao figo e á pera viño

Dador + Entidade transferida

Ama de moitos lares, poucos almorzos e menos xantares⁴³.

Casa grande, limosna pequena.

Entidade transferida + Cantidade

Araduras oito e esterquiño moito⁴⁴.

Entidade transferida + Entidade equivalente

Ollo por ollo e dente por dente.

OUTROS VALORES (28)

ARAR

O que non ten bois, ou antes ou despois⁴⁵.

CARGAR

O temperán, ou en palla ou en gran⁴⁶.

CEAR / DEITARSE

En abril, nin con sol nin con candil⁴⁷.

CHAMAR

Ao pan, pan e ao viño, viño.

DAR IGUAL

En alleo souto, un pau ou outro⁴⁸.

DEDICARSE

Zapateiro, aos teus zapatos.

⁴¹ Tamén sería posible unha lectura atemática, equivalente a 'Pouco viño, moita auga'. A nosa lectura equivale máis ben a "Viño, pouco; auga, moita".

⁴² Por suposto, neste caso a transferencia é figurada.

⁴³ Vázquez Saco (2003: 223) comenta: "Cuanto más tienen, menos dan".

⁴⁴ De acordo cos usos que atopamos no *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (Santamarina 2003b), o substantivo *aradura* combínase co verbo *dar*, o que implica, na nosa opinión, a conceptualización da acción correspondente como unha transferencia. Vid. ao respecto do significado dos chamados verbos soporte Álvarez de la Granja (2010).

⁴⁵ En Garrido Palacios (1996) recolleemos a variante *O que non ten bois ara antes ou despois*.

⁴⁶ A interpretación ofrecida para este refrán baséase na variante *O fruto temperau carga en palla ou en grau* (Ferro Ruibal 2008: 249), na glosa do refrán sen verbo que figura na recolleita de fraseoloxía de Trasar de Carballo (http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/pilar.htm) [1/10/2009] ("o sementado cedo cargará en algún dos dous [en palla ou en grau]") e na opinión dun informante, que sinala que o refrán alude ao feito de que os cereais temperáns se sitúan entre dous extremos: ás veces producen moito e ás veces moi pouco (de xeito que ben hai moito peso no gran, ben na palla).

⁴⁷ Este refrán presenta a variante *Pra cenar en abril nin sol nin candil*, recollida por Taboada Chivite (2000: 142). No entanto Vázquez Saco (2003: 295) comenta que o refrán se refire á hora de deitarse. Recolleemos os dous contidos na etiqueta do vínculo.

⁴⁸ A única interpretación que atopamos deste refrán figura na obra anónima *Vozes gallegas* (DdD). O autor sinala "Que tal vez dice: que se debe robar con tino, y poco a poco, en particular en soto ajeno, para no ser descubierto". Para nós, o re-

ESCOLLER, SELECCIONAR

A muller e a sardiña, por pequeniña / pola máis pequeniña.

A muller e a sardiña, por pequeniña e xeitosiña.

O pan pola coor e o viño polo sabor.

O viño pola cor; o pan, polo sabor.

ESTAR SUXEITO, PRESO

A besta pola carga e o home pola palabra.

O boi pola corda e o home pola palabra / O home pola palabra e o boi pola corda⁴⁹.

O boi pola palabra e o boi pola corda⁴⁹.

FACER

Cada cousa, no seu tempo.

Cada cousa, no seu tempo e os nabos, en / polo Advento.

Papas e casamento, en quente.

IMPORTAR

Non con quen naces senón con quen paces.

LOITAR, ESFORZARSE

Os peixes do mar, uns por saír e outros por entrar⁵⁰.

PASAR

Antroido á raxeira, Páscoa á lareira.

A Pascua onde quixerdes, e o Antroido onde as mulleres.

PRECISAR

Mozo galán, nin besta nin can⁵¹.

Neno dun ano, vara de pano.

QUERER

Alcalde, nin de balde.

Comerciante e porco, despois de morto.

RECIBIR

O bo amigo, co teu pan e co teu viño.

TROCAR

O aldeán galego, cunca de leite por cunca de aceite⁵².

VALER, SERVIR, SER BO

Acha tirada, pra racha.

A madrasca, nin de cera nin de boa pasta⁵³.

Moza de Deza e vaca da Ulla, de cento unha.

4. ANÁLISE DESCRIPTIVA DOS DATOS

Velaquí un cadro no que se recollen os valores absolutos (V. A.) e porcentuais de cada contido, organizados de maior a menor frecuencia:

CONTIDO	REFRÁNS		CONTIDO	REFRÁNS	
	V. A.	%		V. A.	%
Ser	135	31,76	Ser o mellor	16	3,76
Haber	72	16,94	Producirse, chegar a ser/haber	16	3,76
Estar	55	12,94	Tomar, inxerir	12	2,82
Corresponder	37	8,71	Transferir	9	2,11
Ter	29	6,82	Outros valores	28	6,59
Desprezar(se)	19	4,47	TOTAL	428 (=425)	

Táboa I. Valores absolutos e porcentuais para cada contido

frán, clasificado baixo o epígrafe "Justicia Propiedad etc." en Taboada Chivite (2000: 181), alude ao roubo, pero no sentido de considerar como tal calquera apropiación, sexa de maior ou menor importancia. En calquera caso, é só unha posible interpretación, altamente discutible.

⁴⁹ Segundo Benavente e Ferro (1994: n. 416), "tan suxeito está o home pola palabra que dá, se é honrado, coma o boi preso ou xunguido polos cornos". O mesmo valería para a carga, no refrán anterior.

⁵⁰ No refraneiro de Vázquez Saco (2003: 242) figura estoutro refrán, que pode servir de axuda para a comprensión do que nos ocupa: *Os peixes da rede, us queren saírse e outros queren meterse*. Ambas as dúas expresións aparecen baixo o tema "Confusión".

⁵¹ Vázquez Saco (2003: 336) sinala: "Cuando un mozo de casa pudiente va a pretender a una muchacha, suele presentarse sobre arrogante cabalgadura, y acompañado de un buen perro, propio de casa grande. Cuando el galán tiene procer presencia, le basta la figura y puede presentarse sin besta nin can".

⁵² En Benavente / Ferro (1994: 94) figura a variante *Por cunca de leite o aldeano quer cunca de aceite*.

⁵³ Segundo Covarrubias (1995: 726), este refrán "tuvo su origen de que uno haziendo una imagen de la madrastra de cera o de pasta de açúcar, le descalabró, y sintiendo el muchacho tal aspereça, dixo: La madrastra ni es buena de cera ni de pasta".

Como pode observarse, entre o conxunto de 425 refráns que constitúen o corpus, o vínculo máis frecuente é o de carácter atributivo, parafraseable por *ser*. A maior parte dos refráns con tal vínculo presentan unha atribución directamente clasificadora (80 refráns) antes ca caracterizadora (52 refráns) ou identificadora (só 3 exemplos). Dentro da atribución clasificadora, destaca como un grupo especialmente frecuente (37 exemplos) o dos refráns nos que o núcleo temático (modificado e sen determinante) se repite como núcleo remático, do tipo de *Ano de ventos, ano de medos; Tempo de neve, tempo alegre; Cristo ganado, Cristo papado; Voda de foguetes, voda de cachetes, Tempo ido, tempo perdido...* (vid. § 2.2. ao respecto da inclusión destes refráns no corpus). Tamén atopamos un grupo relativamente numeroso de refráns (18 exemplos) nos que o rema introduce un elemento figurado que serve para caracterizar o tema mediante unha comparación implícita: *Amor da sogra, acariños do demo; Amor de neno, auga nun cesto; Vello con amores, inverno con frores; Barco sen cuberta, sepultura aberta, Palabras sen obras, guitarra sen cordas...* No resto dos casos de atribución clasificadora, o núcleo remático é tamén un substantivo, diferente ao núcleo temático, que inclúe o núcleo do tema nunha clase sen establecer unha comparación: *Untura de botas, sinal de viaxe; Pan con pan, comida de bobos; Aprendiz de moitas ciencias, mestre de poucas sabencias; Aceite, carne, pantrigo e sal, mercadería real; Xente do Pereiro, tropa do carallo...* Só en dous dos refráns coa estrutura maioritaria "Elemento clasificado + clase" o elemento temático aparece determinado mediante artigo, pero precisamente esta situación dáse en refráns cun rema diferente ao habitual, constituído por unha construción disxuntiva (*A muller rideira, puta ou peideira e O fillo da cabra, ou cabrito ou castrón*).

Nos casos de atribución caracterizadora é maioritaria a presenza de descrições de como é a realidade ou de recomendacións sobre como debe ser, feitas a través de adxectivos: *Viño de maio, pouco e malo, Cama de noivos, dura coma croios; Nabos e fidalgos, raros; Febreiro, cabriteiro; O arado rabudo e o labrador barbudo; Queixo pesado, pan liviano...* Entre estes refráns son moito máis frecuentes aqueles nos que o elemento caracterizado carece de determinante introdutor. Tamén son relativamente numerosos os que recomendan unha determinada orixe ou procedencia (en sentido amplo) por riba doutras posibles (*Fillos, das túas bragas; bois, das túas vacas; Forza, de mozos; e consello, de vellos; O potro, da potrela; i o becerro, da vaca vella...*).

Por outra banda, en dous casos o elemento clasificado non figura explicitamente na expresión: *De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro e de vello, can* (para este refrán existe unha variante con *home* como elemento clasificado, *O home, de neniño, rei; e de mozo, galán; de casado, burro; e de vello, can*) e *No inverno forneira, no verán taberneira*. Sucede o mesmo nun refrán co elemento caracterizado (*Canto máis rico, máis porco*) e noutro caso co elemento identificado (*Para embarcar o primeiro, para desembarcar o derradeiro*).

O segundo grupo de refráns cuantitativamente máis importante está constituído por aqueles nos que o vínculo é de tipo existencial, parafraseable por *haber*, con 72 refráns. Os elementos dos que se recomenda ou describe a existencia adoitan ser remáticos. Cando tales elementos son temáticos, o rema ten con frecuencia carácter cuantificador (*Chuvia en marzo nin o mexo dun rato; Cabos e áncoras, ata encher a lancha...*). Son especialmente frecuentes os refráns que posúen un tema con valor temporal, de modo que o que se sinala ou se recomenda é a (in)existencia de algo en determinado momento ou período: *En agosto, viño mosto, Por San Martiño castañas e viño; En agosto, nin viño, nin muller, nin mosto...* Rexistramos un número considerable de refráns atemáticos, nos que se describe a ausencia ou a existencia de determinada realidade (*Un pai para cen fillos e non cen fillos para un pai; Unha camisa na pedra e outra no lombo; Nin bo coxo nin bo noxo...*) ou ben se recomenda a presenza de algo ou se sinala ou seu rexeitamento (*Nin xantar na mesa sen viño nin pote no lume sen touciño / Nin ola sen touciño nin xantar sen viño; Fillos, filloas e netos de viño...*). Cómpre destacar a relativa frecuencia da coordinación negativa con *nin...nin*, realizada en 21 refráns (atemáticos ou non). Aínda que nalgúns deles o vínculo ou, en xeral, o contido a introducir podería

concretarse máis (por exemplo, *Nin amigo reconciliado nin guisote requentado* 'non teñas amigo reconciliado nin *comas* guisote requentado') optamos por recoller todos estes refráns baixo o contido 'haber' porque precisamente o feito de coordinar en varios deles elementos de moi diferente tipo, que admitirían a introdución de diferentes conceptos (*En agosto, nin viño, nin muller, nin mosto; Nin besta de moita herba nin home de moita verba*) pode ser un indicio de que a lectura primeira é simplemente existencial e de que este esquema está especializado na expresión da inexistencia de determinado tipo de entidades ou na expresión do rexeitamento de tal existencia ('non hai', 'non debe haber [contigo]').

O terceiro grupo de refráns en importancia cuantitativa está constituído por aqueles nos que o vínculo é parafraseable por *estar*. Como se pode observar na listaxe correspondente, destacan cuantitativamente os que presentan un valor locativo no rema (31 refráns), e en menor medida aqueles que posúen un elemento que sinala a maneira como algo se encontra ou se debe encontrar (22 exemplos). O elemento caracterizado aparece sempre expreso, agás en tres casos: *Ao sol sen sombreiro, nin en agosto nin en xaneiro; En xaneiro, un pouco ao sol, outro ao fumeiro* e *Preso, nin por un pelo*. En dúas ocasións podemos falar dun tema externo ao que se remite no tema tópico mediante un posesivo (*A moza trouleira, súa nai á beira, Cabra, viña e horta, o seu dono á porta*). Chama a atención o contraste, no que atinxe á determinación, con respecto aos refráns que constituían o grupo parafraseable por *ser*. Se naqueles era maioritaria a ausencia de determinante nos elementos clasificados ou caracterizados, aquí, pola contra, predomina a súa presenza. Aínda que non podemos deternos neste particular, debe notarse que a presenza ou ausencia de determinante é en ocasións decisiva para a interpretación que se lle outorga a un refrán. Deste xeito, se a lectura que se impón para o refrán *Polo san Andrés neve nos pés* parece que é a existencial, sendo *neve* un elemento remático (parafraseable por 'Polo san Andrés hai neve nos pés'), a introdución dun determinante (*Polo san Andrés, a neve nos pés*, variante rexistrada en Vázquez Saco 2003: 605) desbota absolutamente tal lectura e conduce a unha interpretación distinta, parafraseable por *estar* e con *neve* realizando un papel informativo de tema ('Polo san Andrés, a neve está nos pés'). Por suposto, este feito ten que ver coa directa relación entre a función tema e a determinación⁵⁴.

O cuarto grupo está constituído por 37 refráns que establecen unha correlación, ben prescritiva, ben descritiva, que segue o esquema, plenamente produtivo no ámbito paremiolóxico, "preposición *a* + frase nominal/oración de infinitivo, frase nominal/oración de infinitivo", sen determinante introdutor en ningún dos dous membros (agás algún cuantificador e nun caso un posesivo) e, moi frecuentemente, con modificador en ambos: *A cazador novo, can vello; A bo mercador, bo vendedor; A pouca comida, pouca bebida; A moito falar, moito errar; A palabras necias, oídos xordos; A mal tempo, boa cara...* Aínda que en bastantes destes refráns a preposición *a* podería interpretarse como marcadora dunha función semántica receptor ou similar (*A burro vello, albarda nova; A hóspede bo, prato grande...*), o certo é que outros dos refráns incluídos neste grupo, de idéntica estrutura, non admiten tal interpretación (*A pai avarento, fillo farrento; A río revolto, ganancia de pescadores...*). Da mesma maneira atopamos a coordinación de dous elementos dos cales só un casaría con esta interpretación xenérica de 'transferencia' (*A filla mala, diñeiros e casala*). Cremos que, en realidade, a preposición marca en todos estes casos simplemente un vínculo xenérico de correlación ou correspondencia, sinalando (*A inverno chuvioso, verán abondoso*) ou recomendando (*A palabras necias, oídos xordos*) a coexistencia das realidades que conforman os dous membros do refrán.

O seguinte grupo está formado por 29 refráns nos que hai implícito un valor de posesión (en sentido amplo), parafraseable por *ter*. Agrupamos baixo *ter* aqueles refráns nos que o posuidor figura explicitamente, ben sexa mediante expresión léxica (*A muller e a cabra, a pata*

⁵⁴ Por suposto, isto non obsta para podermos atopar, no ámbito paremiolóxico, unidades sen determinante en función de tema. Acabamos de velo en relación aos refráns nos que o vínculo é parafraseable por *ser* e tamén é habitual en refráns con verbo: *Costureira sen dedal cose pouco e cose mal*. Vid. nota 6.

quebrada; Labrador sen horta, fame á porta) ou mediante a conxugación dunha forma verbal (*Viñas, cantas bebas; terras, cantas vexas; Bés, cantos vexas; casa, canto quepas*) (así como o refrán *As amistades certas, portas abertas*). En calquera caso, somos conscientes de que introducindo os receptores (lectores/oíntes) dalgúns dos refráns considerados baixo o vínculo 'haber' como posuidores, tales refráns tamén terían cabida aquí, e mesmo a súa lectura resultaría en ocasións máis natural (*A toda lei, fillos e muller, Ao pé da cama, nin viño nin auga; En marzo, abrigo, noces e pantrigo...*). O elemento posuído figura en todos os refráns no rema, agás en catro exemplos. En tres destes, tal elemento posúe carácter temático e o rema, en última instancia, valor cuantificador (*Bés, cantos vexas; casa, canto quepas; Casa na que vivas, viñas das que bebas, rentas as que poidas, terras as que vexas; Viñas, cantas bebas, terras, cantas vexas*).

O seguinte grupo de refráns está constituído por aqueles nos que o vínculo é parafraseable mediante un verbo que implique desprazamento (19 exemplos). Na maior parte dos refráns deste tipo, o contido de movemento recupérase a través da presenza dun valor de destino ou de dirección, marcados pola preposición *a* e *para*, respectivamente: *As pallas á palleira e as donas á lareira; A muller e a ovella con día prá cortella...* En dous casos, o valor locativo exprésase mediante *por* (*A muller e home honrado, polo camiño do carro; Boi vello pola rilleira*) e nun mediante *de* (*Amigos de lonxe e contas de preto*). A frase preposicional que transparenta o valor de desprazamento é maioritariamente un elemento remático. Só nun caso está ausente o elemento locativo que permite establecer doadamente un vínculo con valor de desprazamento: *Entre marzo e abril, o cuco ou a fin*.

O seguinte grupo está formado por 16 refráns nos que se ofrece unha valoración sobre cal é o mellor elemento dentro dun grupo (ou se sinala o lugar no que se pode atopar). Así, o tema designa normalmente o conxunto de elementos e no rema indícase esencialmente cal deses elementos é o mellor ou o máis apropiado. O tema, isto é, o grupo no que opera a selección valorativa, pode presentarse cunha simple frase nominal (*A muller e a pescada*), pode estar introducido pola preposición *de* (*Da besta, De Redes*) ou ben pode estar constituído mediante un esquema de casas baleiras "X por X" (*Amigo por amigo, Terra por terra, Millor por millor*). O rema, de súa vez, aparece como unha simple frase nominal, aínda que nun caso introducida por *de* partitivo (*da máis adiantada*). Só nun caso o refrán é atemático: *Besta / burro / cabalo grande, ande (ou) non ande* (vid. nota 37). En dous casos, o rema non sinala directamente o elemento seleccionado, senón o lugar no que este se atopa e o tema aparece introducido pola preposición *para* (*Para carne, pan e viño, o Carballiño; Para porcós na Cañiza, que nunca foron lavados*).

O seguinte grupo, conformado tamén por 16 refráns, recolle expresións de diferente tipo que teñen en común o feito de que en todas elas se fai referencia á produción / nacemento / obtención de algo. O conxunto máis numeroso está constituído por refráns de carácter descriptivo, formados por un elemento, sempre temático, con valor de orixe ou fonte, e introducido pola preposición *de* e outro elemento remático que designa o resultado, froito, produto... Na maior parte dos casos, o dito resultado aparece cualificado mediante algún elemento e é frecuente que o mesmo suceda co elemento orixe (*De boa casa, boa brasa: De tales pais, tales fillos...*). En dúas ocasións a interpretación é negativa (*Nen de sabugueiro bon vencello, nen de cuñado bon consello; De ruín madeira, nunca boa estela*). Os restantes refráns deste grupo inciden no tempo, modo, cantidade (temporal) e finalidade ligada ao xurdimento do elemento que figura no tema.

O seguinte grupo está constituído por 12 refráns que aluden á inxestión de alimentos, facendo recomendacións sobre o tipo de alimento que se debe ou non tomar, o tempo no que se deben inxerir, o modo ou a cantidade.

Listamos a seguir 9 refráns nos que se fai referencia á transferencia (figurada ou non) dunha entidade a outra. Cinco deles, contituídos pola entidade transferida e mais o receptor, identificado mediante a preposición *a*, recomiendan que teña lugar a dita acción, mentres que no segundo membro de *Araduras oito e esterquiño moito*, a recomendación se focaliza na

cantidade e en *Ollo por ollo, dente por dente* no troco. O receptor, cando figura, é sempre o elemento temático, agás no primeiro membro da coordinación presente no refrán *Agua ao figo e á pera viño*. Os refráns descritivos *Ama de poucos lares, poucos almorzos e menos xantares e Casa grande, limosna pequena* presentan o axente dador como tema e a entidade transferida como rema.

Os vínculos presentes nos restantes refráns son variados e moi pouco frecuentes. Cabe mencionar os catro refráns que implican a presenza dun contido factitivo e que inclúen como tema a acción realizada, recomendándose ben o tempo no que se debe levar a cabo, ben o modo, ben a cantidade, así como os catro refráns que sinalan o criterio de selección que debe operar nas escollos dos mellores elementos dun grupo. Algúns dos refráns que presentan estes vínculos minoritarios serán comentados na análise explicativa que segue a esta caracterización descritiva.

5. ANÁLISE EXPLICATIVA DOS DATOS

Os refráns son formas fixadas na memoria que serven esencialmente para ofrecer consellos e transmitir saberes. Sevilla Muñoz (2007: 214) afirma que “sirven para condensar en formas lapidarias y fáciles de memorizar la sabiduría de un pueblo [...] pasando durante siglos de generación en generación por transmisión oral”. Dada esta funcionalidade, parece lóxico que, cando menos en xeral, se caractericen pola súa relativa transparencia, pola facilidade para a súa comprensión. Este feito non obsta para atoparmos en boa parte dos refráns recursos de moi diverso tipo, como o ritmo, a rima, a figuración, diferentes figuras de dicción (como o hipérbato), a creación de palabras novas, etc. que provocan en moitas ocasións unha sensación de artificiosidade (Lázaro Carreter 1980). Como sinala este mesmo autor, o obxectivo destes recursos é precisamente captar a atención dos falantes, favorecer a memorización e contribuír así á transmisión dos refráns a través do tempo. A combinación da transparencia semántica e da artificiosidade (nun grao que non afecte á anterior) favorece a pervivencia, pois os refráns opacos son firmes candidatos a desaparecer.

A ausencia de verbo en moitos refráns pode explicarse, como xa indicamos en § 1, pola xeneralidade da dimensión temporal de tales unidades, pero debe tamén examinarse no marco dos recursos empregados para facilitar a memorización, pois a inexistencia de verbo favorece a brevidade e a concisión⁵⁵. Agora ben, fronte a este factor, favorecedor da transmisión e da pervivencia, os refráns sen verbo supoñen a priori unha certa dificultade de interpretación, un esforzo engadido para o receptor, na medida en que é el o que ten que establecer un vínculo entre o tema e o rema que conforman a ampla maioría de tales refráns (ou ben introducir un contido que converta unha frase ou coordinación de frases nunha predicación). Emporiso, de acordo co afirmado no parágrafo precedente, o esperable é que o valor conceptual que se debe incorporar sexa, en xeral, doado de establecer, de maneira que a transparencia semántica e con ela, a memorización e a pervivencia, non se vexan afectadas.

Ante un refrán sen verbo, o receptor conta con varios recursos para determinar cal é o contido que debe introducir: os elementos lingüísticos que conforman o refrán, o coñecemento do contexto cultural no que se xerou este, o seu sentido lingüístico e lóxico (que, en función dos membros concretos que conforman o refrán, permitirá algunhas interpretacións, pero non outras) e o coñecemento da situación e do marco verbal concreto no que se enuncia ou normalmente se enuncia a expresión. A seguir, examinaremos os datos atopados á luz destes recursos e da transparencia semántica que, na nosa opinión e de maneira xeral, debe caracterizar os refráns.

Como acabamos de ver, o grupo maioritario de refráns está constituído por aqueles nos que o vínculo entre tema e rema é de tipo atributivo, parafraseable por *ser* (31,76%) (*Morte*

⁵⁵ “Como es sabido, resulta particularmente frecuente el uso de esta estructura en refranes y frases hechas en las que el carácter sintético de la construcción favorece su fijación como modismo” (Jiménez Juliá 1999: 30).

de un, esterco de outro; Fillo mimado, fillo mal criado; Nadal mollado e xaneiro ben xeado...). Este é un resultado previsible, pois, de acordo co que acabamos de afirmar, parece lóxico que teñan preeminencia as relacións con pouca ou nula carga semántica, como unha simple atribución de clase ou propiedades. Desta volta, o receptor do refrán simplemente ten que poñer en relación directa os dous membros que constitúen o refrán, sen achegar contido léxico ningún. A consideración da relación como unha clasificación, unha atribución de características ou unha identificación vén dada, por suposto, polas propiedades do elemento remático. Como xa indicamos, só en catro casos o receptor do refrán debe introducir ademais un constituínte novo, necesario para a compleción do estado descrito (o elemento clasificado, caracterizado ou identificado): *De neno rei; de mozo, capitán; de casado, burro e de vello, can; No inverno forneira; no verán taberneira; Canto máis rico, máis porco; Para embarcar o primeiro, para desembarcar o derradeiro.* A interpretación é xenerica (as persoas, as mulleres...) ou concretizada no contexto de enunciación (por exemplo, 'ti debes o ser o primeiro para embarcar...'), pero non ofrece en ningún caso dificultades.

A predominancia deste grupo de refráns tamén se ve sustentada pola presenza dentro deles dun esquema construtivo que se amosa como altamente produtivo, con coincidencia dos núcleos temático e remático, que aparecen modificados e sen determinante (*Año de ventos, ano de medos; Tempo de neve, tempo alegre...*).

Son tamén numerosos os refráns nos que o vínculo pode parafrasearse por *estar* (12,94%). Estamos de novo ante un mero soporte de categorías gramaticais ou, en todo caso, ante un valor con moi pouca carga semántica, que achega un contido estativo claramente identificable pola presenza de complementos, nomeadamente de lugar (*A cereixa e a castaña na borralla, Cada ovella coa súa parella...*). En tres casos, cómpre introducir un constituínte que asegure a compleción do refrán, pero, como sucedía co grupo anterior, tal labor non ofrece dificultades de ningún tipo ao ter o dito constituínte un contido xenérico (as persoas): *Ao sol sen sombreiro, nin en agosto nin en xaneiro; En xaneiro, un pouco ao sol, outro ao fumeiro e Preso, nin por un pelo.*

En case un cuarto dos refráns podemos establecer un contido posesivo ou existencial, parafraseable por *ter* ou por *haber*. Estamos tamén, por suposto, ante contidos moi xenéricos, con moi pouca carga semántica, o cal, de acordo co que xa indicamos, é perfectamente previsible. No caso dos refráns con valor existencial o receptor simplemente ten que vincular determinada realidade co tempo, o lugar, a cantidade, a finalidade... que caracterizan a existencia ou inexistencia da dita realidade, aínda que, como xa sinalamos, nalgúns casos, a (recomendación da) existencia ou a (recomendación da) inexistencia se predicán de forma xeral, sen restricións (*Nin bo coxo nin bo noxo; Nin ola sen touciño, nin xantar sen viño; Fillos, filloas e netos de viño...*). No caso dos refráns con lectura posesiva, cóntase ademais coa presenza dun posuidor (*Labrador sen horta, fame á porta*).

Son tamén representativos os refráns que sinalan ou recomentan a existencia dunha mera correlación entre dúas realidades (do tipo de *A can novo, cazador vello*) (8,71%). Trátase unha vez máis dun contido altamente xenérico, que simplemente vincula a existencia dunha realidade coa existencia doutra. Estamos ademais ante un esquema construtivo que semella altamente produtivo na conformación de refráns.

De acordo co afirmado, máis do 75% dos refráns analizados están repartidos entre os valores atributivos, posesivo-existenciais e de correlación existencial, isto é, entre valores moi xenéricos, con nula ou moi escasa carga semántica. Este feito concorda perfectamente coa hipótese de partida, que establecía que, de modo xeral, os contidos ou as conexións que se debían introducir nos refráns sen verbo non deberían supoñer demasiado esforzo para o receptor.

Isto non obsta para que algúns dos refráns que conforman os grupos indicados ofrezan algúns problemas de interpretación, pero estes, de modo xeral, non se derivan do establecemento do vínculo entre o tema e o rema, que maioritariamente parece vir dado pola estrutura, senón doutros factores. Isto é, nun refrán como *Voda de foguetes, voda de cachetes in-*

terpretemos automaticamente unha atribución clasificadora, aínda que nos poida ser difícil entender por que as vodas de foguetes son ao tempo vodas de cachetes (interpretación literal?, interpretación figurada?)⁵⁶. O mesmo sucede, por exemplo, co refrán *Quen máis chifre, capador*, no que só o coñecemento do costume dos capadores de anunciar a súa presenza nas vilas e aldeas mediante un chifre nos permite entender a forma do refrán. Un terceiro exemplo: no refrán *Pan e viño, un ano teu e outro do veciño* a conexión atributiva parece automática, pero o establecemento da conexión non nos asegura a correcta interpretación da expresión, que, como xa indicamos, é descritiva e alude ás desigualdades das colleitas. De igual maneira, a conexión entre o tema e o rema do refrán *Ferro e pau, pouco na mau* tampouco é problemática, aínda que si o poida ser máis a comprensión do conxunto xa conectado (vid. a este respecto a nota 34). O mesmo sucede cos refráns cun vínculo parafraseable por *haber* ou *ter*. En *Entre novo e vello, fame do demo*, parece impoñerse unha lectura existencial, parafraseable por *haber*. Os problemas de comprensión radican na dificultade de establecer unha vinculación entre o primeiro membro da expresión e as colleitas do pan (vid. nota 23). Da mesma maneira, non temos problemas en introducir un contido posesivo-existencial no refrán (*Unha camisa na pedra e outra no lombo*) (ou ben un contido estativo, se o refrán admite dous grupos de entoación: *Unha camisa // na pedra e outra // no lombo*). O problema radica na interpretación do mesmo (vid. nota 27 ao respecto do sentido que nós lle damos). Ás veces, as dificultades veñen dadas pola descontextualización do refrán. Por que dicimos que a perna debe estar no leito e o brazo debe estar no peito (*A perna no leito e o brazo no peito*)? A xustificación da existencia deste refrán non é en absoluto opaca se o situamos no seu contexto natural de enunciación (diante dunha persoa cun brazo ou unha perna rotos), e só descontextualizado pode supoñer un certo esforzo de interpretación, pero este esforzo nada ten que ver co establecemento do vínculo.

A diminución no número de refráns que conforman os grupos vai directamente aparelada co enriquecemento semántico do valor que se debe introducir, aínda que os contidos que amosan unha certa representatividade adoitan ser tamén relativamente xenéricos. En calquera caso, a interpretación destes refráns require a introdución dun concepto con maior carga de significado ca os mencionados ata o de agora, pois debido a razóns estruturais e/ou semánticas os vínculos xenéricos que estivemos comentando non son axeitados. En principio o esperable é que o contido que se debe introducir sexa identificable de forma fácil e sen ambigüidades. Lembremos a este respecto que, como dicíamos ao comezo deste traballo, non toda conexión tema-remas sen verbo é comunicativamente viable, isto é, non toda conexión tema-remas constitúe unha unidade con transparencia semántica, unívoca na súa interpretación: *Pola boca, o peixe (¿?) (Pola boca morre o peixe); Da man á boca, a sopa (¿?) (Da man á boca pérdese a sopa); Chuvia de santa Lucía, a sardiña (¿?) (Chuvia de santa Lucía tolle a sardiña)...* Así, por exemplo, o hipotético refrán *Pola boca, o peixe*, ou, noutra orde, *O peixe, pola boca*, non parece viable polo feito de que a relación entre o tema e o rema podería interpretarse de varias maneiras: 'come', 'morre', 'respira'... De acordo con isto, podemos preguntarnos se os refráns para cuxa interpretación se introducen contidos (relativamente) ricos desde o punto de vista semántico posúen características específicas que determinan a posibilidade de que o receptor seleccione doadamente e sen ambigüidades os ditos contidos.

En certos casos, a conexión entre o tema e o rema pode establecerse doadamente polo feito de os denotata de tales constituíntes manterem entre si, na realidade extralingüística, unha relación que, pola súa relevancia e frecuencia, claramente se impón sobre outras posibles. Así, que conexión podemos establecer entre os nenos dun ano e as varas de pano (*Neno dun ano vara de pano*)? Para quen saiba que a vara é unha medida, parece que o vínculo só pode ter

⁵⁶ Segundo X. Ferro Ruibal (comunicación persoal) este refrán expresa unha crenza supersticiosa: os foguetes nun casamento presaxian os estalos dos malos tratos na parella. O exceso de alegría nos homes xa era perigosa no mundo homérico (*hybris*), porque excitaba a envexa dos deuses que acababan por castigala. Por iso se di que os foguetes chaman polos problemas.

que ver coa cantidade de tea que os nenos dun ano *precisan* para vestirse. Ou que pode facer a chuvía arreo se non caer, producirse (*Por San Bartolomeu a chuvía arreu*)?

No grupo etiquetado cos verbos 'ser o mellor', é precisamente a especial relación que se establece entre o tema e o rema a que determina a interpretación do vínculo. Así, cando o segundo membro designa, directa ou indirectamente, un subconxunto do primeiro (*Das carnes o carneiro, e dos peixes o mero; Do vello, o consello; A muller e a sardiña, a máis pequeniña; Viño branco e muller, o pirmeiro que viñer...*), é evidente que se está a producir unha selección dun elemento dentro dun grupo máis amplo. Pero trátase ademais dun elemento que, por un ou outro motivo, se considera por riba doutros. A consideración do elemento seleccionado como 'o mellor' parece impoñerse neste tipo de refráns, pero tamén no discurso libre. Lembremos, por exemplo, as entrevistas nas que ante preguntas do tipo de "Un libro", "Unha película", o entrevistado selecciona aquel libro ou película preferidos por el. Este feito ten claramente unha base experiencial: o habitual é que os grupos seleccionados polos seres humanos inclúan sempre os mellores exemplares (as mellores laranxas á hora de facer a compra, os mellores corredores á hora de facer equipos...). Por outra banda, algúns destes refráns reproducen esquemas existentes no discurso libre que se empregan especificamente para introducir o mellor exemplar, co cal a interpretación é absolutamente transparente: substantivo sen determinante+ *por* + mesmo substantivo sen determinante (*Amigo por amigo, o meu pan e o meu viño; Terra por terra, Barzademera; millor por millor, Val de Miñor*), *para* + substantivo (sen determinante) (*Para carne, pan e viño, o Carballiño; Para porcós na Cañiza, que nunca foron lavados*). A presenza de esquemas fixos ("despois de morto", "nin de balde") asociados no discurso libre co contido de rexeitamento tamén permite a comprensión inmediata dos refráns *Comerciante e porco, despois de morto*⁵⁷ e *Alcalde, nin de balde*.

Pero ademais, a univocidade pode verse sustentada polo feito de figurar no refrán un constituínte que desempeña un papel semántico restrinxido a un número relativamente escaso de tipos de acontecementos. É o caso dos complementos de dirección ou de destino, marcados como tales mediante as preposicións *a* ou *para* introdutoras dun substantivo facilmente interpretable como lugar, e que se asocian cun valor conceptual de desprazamento, ou o dos complementos con valor de receptor, marcados tamén mediante a preposición *a*, e que se asocian con acontecementos de transferencia de entidades. Por suposto, e tal e como acabamos de ver, unha mesma preposición pode ter varios valores, e o óinte/lector debe decidir en cada caso cal é o contido máis axeitado en función do contexto verbal, isto é, do tipo de complemento introducido pola preposición, do resto de elementos que conforman o refrán e do seu sentido lóxico e lingüístico (cf. *A muller e a ovella con sol á cortella* ['desprazarse'] e *Ao abade vello, polos e coello* ['transferir']). No caso dos refráns que implican un contido de desprazamento, o falante poderá concretizar ese valor ('tirar', 'ir', 'levar'...) en función das características semánticas do tema e do rema.

A existencia de esquemas compositivos paremiolóxicos especialmente produtivos tamén pode contribuír á interpretación dos refráns. Cómpre mencionar a este respecto as dez paremias que amosan un elemento orixe no tema e un resultado no rema (do tipo de *De mal pano, mala saia; De ruín madeira, nunca boa estela...*). Neles, a presenza da preposición *de* (con valor, entre outros, de orixe) e a especial vinculación que adoitan ter o tema e o rema (as saias están feitas con pano, as estelas son anacos de madeira...) permite unha interpretación doada e unívoca. Pero ademais, parece que a propia existencia dun esquema recorrente e produtivo ("*De* + (adxectivo) + frase nominal, (adxectivo) + frase nominal"⁵⁸) contribúe á univocidade da interpretación. Así, no refrán *De can, cadela; e de cadela, can* tendemos a introducir unha conexión de resultado, outorgándolle a *de* un contido de orixe, malia que desta volta a

⁵⁷ O rexeitamento fai referencia só ao comerciante, posto que o porco é especialmente valorado despois de morto xustamente polo aproveitamento que se fai del.

⁵⁸ As frases nominais aparecen sen determinante, agás o identificador *tal*.

existencia de tal conexión e de tal contido non sexa tan evidente como nos restantes refráns que obedecen ao mesmo esquema (nótese que, en principio, o vínculo podería ser outro: 'namorarse', 'aproveitarse'...).

En certos refráns, a existencia dunha coordinación pode axudar en principio á súa interpretación. O habitual é que o vínculo que se introduce nos diferentes membros que conforman unha coordinación adoite ser o mesmo (*A Pascua* [pásaa] *onde quixeres*, e *o Antroido* [pásao] *onde as mulleres*; *Nen de sabugueiro* [sae] *bon vencello*, *nen de cuñado* [sae] *bon consello*...) (como xa indicamos, as únicas excepcións que atopamos no noso corpus son *A auga para os peixes*; *para os homes*, *viño a feixes* e, parcialmente, *Cada cousa*, *no seu tempo* e *os nabos*, en / polo *Advento*). Deste xeito, o receptor tende a buscar un vínculo que sexa axeitado para todos os membros da coordinación e esta procura pode dar lugar á univocidade na lectura. É o que sucede, por exemplo, co refrán *O boi para arar, o paxaro para voar, o peixe para nadar e o home para traballar*, onde se colocan ao mesmo nivel capacidades naturais intrínsecas, inherentes aos seres vivos en cuestión (voar, nadar) e capacidades sociais (arar, traballar). Esta posta en paralelo parece ter como obxectivo a reinterpretación destas últimas en clave daquelas, conducindo a unha lectura do tipo de ('o boi nace para arar e o home para traballar, como o paxaro nace para voar e o peixe para nadar').

Noutros casos, non existe entre os compoñentes do refrán unha relación que en principio se impona sobre outras posibles, dada a existencia dun constituínte de aplicabilidade moi xeral. É o caso dos refráns cun compoñente que posúe unha función de ancoraxe temporal. En refráns como *O barbo*, *a troita* e *o sáballo*, *todos en maio* ou *O coello por San Xoán* e *a perdiz por Navidá* o rema non achega moita información sobre o contido que se debe introducir para darlle sentido ao refrán. En principio, estes poderían facer referencia, por exemplo e respectivamente, á época de desova dos peixes e á época do nacemento do coello e da perdiz. Pero é evidente que esta non é a interpretación que se lles outorga ás expresións citadas. En casos coma estes, de entre as moitas nocións loxicamente posibles, o receptor do refrán introduce aquela que describe a relación funcionalmente máis relevante e máis habitual entre os seres humanos e os elementos que figuran na paremia, ou ben aquela que fai algunha recomendación ao respecto (por suposto, sempre que teña sentido aconsellar algo sobre o tema). O coello, a troita, a perdiz... son animais, pero sobre todo alimentos, e como tales son concibidos, de modo que, desbotando conceptos loxicamente posibles como 'desovar' ou 'nacer', interpretamos a presenza dunha recomendación sobre a súa inxestión.

Outras veces, os fenómenos intertextuais poden estar na base da creación dun refrán sen verbo. É o caso de *Ollo por ollo e dente por dente*, cuxa transmisión a través do tempo (malia non ser a súa forma en principio transparente) pode explicarse polo feito de tratarse dunha fórmula sinxela e concisa que resume unha lei de xustiza formulada con máis amplitude na Biblia. O coñecemento deste contexto explica que a expresión se comprendese sen dificultades e o seu enorme espallamento pode explicarse precisamente polo feito de verbalizar un pensamento de gran difusión, merecente incluso de nome propio, a lei do Talión. Probablemente tamén poidamos mencionar aquí o refrán *A madrasca, nin de cera nin de boa pasta*, que parece ter a súa orixe nun relato que debía circular no momento de conformación do refrán (vid. nota 53). En certos casos, é o coñecemento doutras unidades fixas que conviven co refrán o que axuda á súa decodificación. Así, no caso da expresión *Ao pan, pan e ao viño, viño* é probablemente o coñecemento da locución *chamar ao pan pan e ao viño viño* o que nos permite interpretar o refrán sen dificultades.

Dado que o contido que debemos introducir para interpretar os refráns vén dado normalmente pola relación máis relevante e frecuente que manteñen os seus constituíntes na realidade extralingüística, ou ben pola relación máis relevante e frecuente que se establece entre os compoñentes dos refráns e os seres humanos, é ben posible que, ao mudaren os costumes, as crenzas, a cultura e a sociedade en xeral, algunhas expresións resulten, desde a perspectiva actual, difíciles de interpretar. Atopamos así pois algúns refráns que, cando menos para un

receptor actual, poden ofrecer algúns problemas de interpretación, estando as dificultades directamente ligadas, desta vez si, coa introdución do contido que vincula tema e rema.

Todos os refráns que requiren para a súa comprensión un vínculo de desprazamento inclúen un elemento locativo (destino, dirección, orixe ou tránsito), agás un: *Entre marzo e abril, o cuco ou a fin*. A introdución neste refrán dun contido de desprazamento (parafraseable por *vir*, por exemplo) é evidente para aquelas persoas que coñecen a forte vinculación entre a presenza do canto do cuco e a primavera galega, así como a crenza correspondente, que sinala que a ausencia da ave indica a fin do mundo. Creemos que só nun contexto cultural que dá por sentado a difusión xeral da citada crenza ten sentido a conformación desta variante do refrán, sen verbo⁵⁹. Outras veces, as dificultades poden vir dadas polo descoñecemento actual de certos comportamentos propios dos animais. O refrán *O amor dos gatos a berros polos tellados* será ben comprendido por quen coñeza o miañar desesperado das gatas en celo e o seu desexo de ir aos tellados. Para quen non, a estrutura pode resultar un pouco confusa. O refrán *Mozo galán, nin besta nin can* ('o mozo galán non precisa nin besta nin can') será probablemente "malinterpretado" por quen non coñeza a realidade sociocultural da que procede, no que as boas cabalgaduras e os bos cans eran empregados para causar boa impresión ante as mozas casadeiras (vid. nota 51). De xeito aínda máis acusado, o refrán *O que non ten bois, ou antes ou despois* ofrece moitas dificultades para a súa interpretación e só poderá ser, se callar, ben comprendido se se coñece o marco sociocultural no que xurdiu, no que o boi podía definirse como o 'animal empregado para arar', e onde formaba parte do contexto cultural o feito de que as persoas que carecían de bois non podían arar cando querían, senón cando os propietarios destes animais llelos deixaban. Parellamente, o refrán *O temperán, en palla ou en grau* só terá sentido para quen coñeza a característica dos cereais temperáns comentada na nota 46.

De todas maneiras, atopamos uns poucos refráns nos que o establecemento do vínculo, aínda tendo en conta o marco sociocultural no que se crearon, resulta moi dificultoso, non sendo a lectura unívoca. En abril, sen sol e sen candil poden facerse moitas cousas. Nada indica en principio que se trate de cear, ou de deitarse. Precisamente, a falta de especificade na relación debe estar na orixe das dúas interpretacións que atopamos do correspondente refrán *En abril, nin con sol nin con candil* (vid. nota 47). Nos refráns con dous membros coordinados *A besta pola carga e o home pola palabra* e *O boi pola corda e o home pola palabra* o receptor procura un vínculo axeitado aos dous membros, unha mesma relación medial / causal entre *besta/boi* e *carga/corda* e *home* e *palabra*. O problema é que tal relación non é evidente, en boa medida pola polisemia de *palabra*, que pode ser entendida en varios sentidos, e polo feito de o refrán xogar co sentido literal e figurado do vínculo ('estar suxeito, preso'), o que o converte nunha expresión de difícil interpretación (vid. nota 49). Tamén resulta escuro o refrán *Os peixes do mar, uns por saír e outros por entrar*, que parece aludir a unha idea de confusión ('uns peixes queren saír e outros entrar').

Máis arriba sinalabamos que en certos casos a existencia doutras expresións fixas vinculadas formal e semanticamente co refrán sen verbo poderían explicar precisamente a conformación deste (*Ao pan, pan e ao viño, viño*). En relación con este aspecto, non debe ser arbitrario o feito de que rexistremos variantes (ou formas próximas) con verbo para varios dos refráns que, en principio, poden supoñer máis problemas de interpretación (*O que non ten bois ara antes ou despois; O amor dos gatos entra a berros polos tellados; Ao boi cólleselle polas hastas e ao home pola palabra* (Benavente Jareño / Ferro Ruibal 1993: 148); *Os peixes da rede, us queren saírse e outros queren meterse; Entre marzo e abril, se non vén o cuco, quer vir a fin; Pra cenar en abril nin sol nin candil; O fruto temperán carga en palla ou en grau*). En calquera caso, non podemos desbotar a hipótese de que os correspondentes refráns sen verbo sexan variantes reducidas de formas con verbo, variantes máis breves e concisas, máis fáciles de

⁵⁹ Existen outras variantes con verbo: *Entre marzo e abril, se non vén o cuco, quer vir a fin* (DEGC) ou *Se entre marzo e abril non vén o cuco, vén a fin*.

memorizar, pero creadas nun contexto que facilitaba a súa comprensión ao existir canda elas, ou previamente a elas, a forma plena.

Finalmente, non podemos esquecer que os refráns, sendo unidades do discurso repetido, son tamén unidades da técnica do discurso (Coseriu 1986: 113-118). Debemos tamén ter conta do seu emprego, do seu contexto de enunciación. En xeral, a comprensión dos refráns, como xa indicamos, vese favorecida polo feito de a súa enunciación estar asociada a situacións concretas que poden orientar o proceso decodificador. O significado de moitos dos refráns xa mencionados sería moito máis evidente para calquera se fosen lidos ou escoitados no seu contexto natural de enunciación. Agora ben, a este respecto, cómpre chamar a atención sobre o diferente aproveitamento que se fai do contexto nos refráns e noutros enunciados non verbais de carácter non fixo, pertencentes ao discurso libre. Estes semellan poder descargar moito peso interpretativo no citado contexto. Por poñer un exemplo, un pai pode coller unha vasoira e dicirlle aos seus fillos: “ti, a cociña e ti, o salón”, sendo o enunciado resultante perfectamente claro (‘ti varre a cociña e ti varre o salón’), ou de xeito parello, alguén pode dicir tomando un café, “o azucre” e poderemos interpretar con facilidade que esa persoa está pedindo que outra lle faga chegar a substancia indicada (sen mencionar a posibilidade de construír enunciados que retoman formas verbais xurdidas no contexto verbal precedente). No que respecta aos refráns, estes enúncianse normalmente nun contexto, verbal e/ou situacional, pertinente, asociado ao contido que portan, e este feito pode axudar a interpretalos (se alguén menciona que aínda non conseguiu bois para arar, esa mesma persoa ou outra poderá dicir *O que non ten bois, antes ou despois* e o contexto facilitará a interpretación do vínculo entre o tema e o rema). Pero o papel do contexto na decodificación límitase á existencia desa vinculación e pertinencia temática. Os refráns, polo seu carácter de discurso repetido, e ao tempo de verdades xerais, atemporais, non poden cinguir a súa interpretación á presenza de elementos contextuais variables e efémeros. Así, o concepto que se debe introducir para poder interpretar un refrán sen verbo non pode variar contextualmente (ou en todo caso, só pode existir unha variación mínima, por exemplo valor prescriptivo / descritivo), de maneira que non depende do contexto (xa está almacenado na mente do falante)⁶⁰. Isto non quita para que o receptor, se non coñece de antemán o refrán, en certos casos precise botar man do seu contexto de uso para darlle sentido. Así pois, no discurso libre podemos atopar numerosos enunciados sen verbo para cuxa interpretación é preciso introducir contidos semanticamente moi ricos, extraíbles a partir do contexto de enunciación, mentres que esta posibilidade está vedada nos refráns, que só poden contar co contexto de maneira parcial (pertinencia temática), de tal xeito que a univocidade da interpretación debe vir dada por outros factores, aos que xa aludimos nas liñas precedentes.

6. CABO

Podemos concluír que os refráns sen verbo amosan unha clara preferencia por vínculos, ou simplemente contidos, moi xenéricos, os cales implican pouco esforzo de decodificación por parte do receptor da mensaxe. En tales refráns, a identificación do contido que cómpre introducir adoita ser automática e os problemas de decodificación non teñen que ver, pois, coa súa determinación. Cando o citado contido ten unha maior carga semántica si podemos atopar problemas relativos á súa identificación. En principio, o refrán debería conducir a unha lectura unívoca do contido que se debe introducir, que permita a decodificación sen ambigüidades. Esta univocidade pode conseguirse a través de diferentes medios, que poden actuar conxuntamente: a presenza no refrán de elementos cuxa posta en relación se circunscribe practicamente a un único estado de cousas, a presenza de complementos que deixan ás claras

⁶⁰ É neste sentido no que debemos interpretar as palabras de Peira (1988: 483): “El refrán es autónomo y completo porque no depende anafórica, catafórica o deícticamente del contexto lingüístico o extralingüístico, y constituye por sí mismo un sentido completo”.

o tipo de acontecemento descrito ou prescrito, a presenza de esquemas recorrentes asociados con determinada interpretación, ou de coordinacións que restrinxen as posibles lecturas na procura daquela que sexa acaída a todos os membros. Outras veces a interpretación non é de primeiras tan evidente, e o decodificador do refrán debe seleccionar, de entre as varias posibles, aquela que parece máis relevante para ser enunciada nun refrán.

A carón dunha ampla maioría de refráns que, por un ou outro motivo, resultan abondo transparentes, rexistramos outros de máis difícil interpretación, sexa porque o contido que se debe introducir non resulta evidente, sexa porque, unha vez establecido este, non lle atopamos sentido ao conxunto. Agora ben, con frecuencia esta opacidade debe lerse exclusivamente en clave actual, dada a desaparición de referentes e de contextos socioculturais asociados ao momento de creación do refrán. Isto non obsta para a existencia duns pouquiños refráns nos que, mesmo coñecendo o marco sociocultural no que se xeraron, non atopamos a univocidade esperada. No entanto, o feito de que existan, cando menos en boa parte dos casos, variantes ou formas próximas con verbo pode explicar a conformación das expresións sen verbo. Podería tamén apelarse ao contexto de enunciación como elemento orientador na selección do contido, pero en todo caso o que resulta evidente é que o peso interpretativo non se descarga nunca de forma maioritaria neste factor, dado que os refráns, pola súa propia natureza de verdades xerais, deben poder enunciarse independentemente de calquera contexto.

A necesidade ou a forte tendencia a unha lectura unívoca dos refráns sen verbo determina que non todos os vínculos tema-rem (ou todas as frases sen verbo) sexan comunicativamente viables e poidan constituír refráns. De igual xeito, a perda desta univocidade co paso do tempo conduce con frecuencia á desaparición de expresións que pouco tempo antes eran ben comprendidas. Como sinala Ferro Ruibal (1996: 56),

a transformación social vai escurecendo a motivación dalgunhas expresións e pode volverlas arcaicas. Un primeiro efecto disto é que paseniñamente vaian desaparecendo da boca da xente nova, porque os vellos aínda manteñen viva a memoria da sociedade que viviron na súa mocidade.

De maneira xeral, un refrán só terá vitalidade se hai transparencia, se o usuario entende por que di o que di (no contexto no que o di). En caso contrario, o refrán deixará de formar parte do repertorio vivo dos falantes e ocupará un lugar exclusivamente nos refraneiros, repositorios de verdades absolutas, verdades que, malia a súa atemporalidade, posúen un pasado, un presente e un futuro.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Fontes primarias

- Benavente Jareño, Pedro / Xesús Ferro Ruibal (1994): *Refraneiro galego da vaca*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- Ferro Ruibal, Xesús (2002): *Refraneiro galego máis frecuente*. A Coruña: A Voz de Galicia / Galaxia.
- Carballeira Anllo, Xosé M^a (coord.) (2009²): *Gran dicionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- Ferro Ruibal, Xesús (2008): "Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro", *Cadernos de fraseoloxía* 10, 241-253.
- Covarrubias, Sebastián de (1995²): *Tesoro de la lengua castellana o española* (edición a cargo de Felipe C. R. Maldonado). Madrid: Castalia.
- Garrido Palacios, Manuel (1996): "Los 400 refranes recogidos en la aldea de Fonfría (Lugo)", *Revisita de folklore* 187, 30-36.

- Santamarina Fernández, Antón (ed.) (2003a): *Diccionario de diccionarios* (versión 3). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza (dispoñible en <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>).
- Santamarina, Antón (dir.) (2003b): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: USC (<http://www.ti.usc.es/TILG>). [1/10/2009].
- Soto Arias, María do Rosario (2003): *Achegas a un diccionario de refráns galego-castelán, castelán-galego*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Cadernos de Fraseoloxía Galega, 3) (dispoñible en <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg03.pdf>).
- Taboada Chivite, Xesús (2000): *Refraneiro galego* (edición a cargo de Xesús Ferro Ruibal, Isabel Valiño Ferrín e Maite Veiga Díaz). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Cadernos de Fraseoloxía Galega, 2) (dispoñible en <http://www.cirp.es/pub/docs/cfg02.pdf>).
- Vázquez Saco, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* (edición a cargo de Josefa Beloso et al.). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Cadernos de Fraseoloxía Galega, 5) (dispoñible en <http://www.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=28790>).

Estudos

- Alarcos Llorach, Emilio (1994): "Las frases: enunciados sin núcleo verbal", en *Gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe, 384-389.
- Álvarez de la Granja, María (1999): "Variación e sinonimia nas unidades fraseolóxicas. Caracterización xeral e proposta de tratamento lexicográfico", *Cadernos de lingua* 19, 43-64.
- Álvarez de la Granja, María (2010): "O tratamento lexicográfico dos verbos funcionais no marco da teoría da metáfora", en M^a Dolores Sánchez Palomino (ed.), *Lexicografía galega e portuguesa* (anexo XIII da Revista Española de Lexicografía). A Coruña: UDC, 53-66.
- Benveniste, Émile (1966 [1950]): "La phrase nominale", en *Problèmes de linguistique générale*, vol. I. Paris: Gallimard, 151-167.
- Coseriu, Eugenio (1986²[1977]): *Principios de Semántica Estructural*. Madrid: Gredos.
- Gouvard, Jean-Michel (1999): "Les adages du droit français", *Langue française* 123, 70-84.
- Gutiérrez Ordoñez, Salvador (1992): "Estructuras predicativas de verbo ausente", en *Gramma-Temas* 1. León: Universidad, 117-142.
- Jiménez Juliá, Tomás (1999): "Estructuras temáticas no verbales", en Xosé Luís Couceiro Pérez et al. (eds.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, vol. I. Santiago de Compostela: USC, 17-52.
- Lázaro Carreter, Fernando (1980): "La lengua de los refranes: ¿espontaneidad o artificio?", *Estudios de lingüística*. Barcelona: Editorial Crítica, 219-232.
- Meillet, Antoine (1906-1908): "La phrase nominale en indo-européen", *Mémoires de la Société Linguistique* 14, 1-26.
- Navas Ruiz, Ricardo (1963): *Ser y estar. Estudio sobre el sistema atributivo del español*. Salamanca: Almar.
- Peira, Pedro (1988): "Notas sobre la lengua de los refranes", en Pedro Peira et al., *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*, vol. I. Madrid: Castalia, 481-489.
- Rúa Aller, Francisco Javier (2007): "El mes de marzo en el folklore meteorológico leonés", *Revista de Folklore* 315, 86-92.
- Sevilla Muñoz, Julia (2007): "El valor etnolingüístico de los refranes", en Germán Conde Tarrío (dir.): *El componente etnolingüístico de la paremiología*. Cortil-Wodon: E. M. E., 213-250.